



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE VINTE E DOUS DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 12)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e dous de marzo de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D^a. M^a. del Pilar García Porto e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de marzo de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS E SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico- Administrativo, no que se recollen as seguintes consideracións:

“Incoase expediente administrativo, coa finalidade de proceder á contratación do servizo de control de calidade na execución das obras e servizos da Deputación de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos seus artigos 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación Provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención de un resultado, distinto de unha obra ou unha subministración.

Non procede recurso especial en materia de contratación, dado que o valor estimado non supera os 100.000 euros. Tampouco é un contrato suxeito a regulación harmonizada.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado “sumario”, (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á posibilidade que, a estes efectos, establece o artigo 159.6 da LCSP para contratos de servizos de valor estimado inferior a 35.000 euros.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, esta contratación divídese en lotes:

Lote 1. Unidade de proxectos: control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do servizo de vías e obras e do parque móbil.

Lote 2. Vías e obras: control de calidade das obras e servizos dirixidos desde o Servizo de Vías e Obras.

Lote 3. Parque móbil: control de calidade relativo ás prestacións necesarias para executar por administración desde o servizo de parque móbil da Deputación de Lugo.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Informe certificación da intervención xeral, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes do actual exercicio orzamentario 2019:

Lote	Aplicación	Importe
1. Unidade de Proxectos	9200.22706	14.825,37 euros
2 Vías e Obras	4500.22706	26.877,45 euros
3. Parque Móbil	9201.22706	620,25 euros

Nos Pregos de Prescricións Técnicas reitores de cada un dos lotes inclúese xustificación de prezos, no que se recolle que a valoración foi realizada con base nos prezos actuais de mercado e debúllanse os custos directos, indirectos, beneficio industrial e impostos.

O prezo do contrato/s estará determinado mediante prezos unitarios. Os prezos unitarios máximos de licitación da presente contratación son os que se recollen nos respectivos anexos nº 1 Cadro de prezos (sen IVE), dos Pregos de prescricións técnicas de cada lote.

As necesidades administrativas, a insuficiencia de medios e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan nos Informes respectivos para cada un dos lotes que conforman esta contratación.

A duración máxima do/s contrato/s será de dous anos, sen previsión de prórroga. Este prazo empezará a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo ou, no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do contrato.

Ao tratarse dun contrato complementario de outros contratos de obras e/ou subministracións, a duración coincide coa duración prevista das obras correspondentes. Non obstante, o contrato concluírá cando se esgote o crédito dispoñible.

A relación de obras respecto das que é complementario este contrato de servizos figura na cláusula 2.1 do presente PCAP. No suposto de que durante a execución do presente contrato se esgote o crédito dispoñible e persista a necesidade de efectuar as prestacións que conforman o obxecto deste contrato, estas satisfaranse ao abeiro do contrato vixente en relación coas tarefas de control de calidade, que debe instrumentarse en base a unha axeitada programación da actividade contractual desta administración provincial.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59, apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto ad0818ministrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do servizo de control de calidade das obras e servizos da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobación do procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobación do orzamento de licitación, que ascende a 42.323,07 euros, incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE) na porcentaxe do 21% por un importe de 7.345,33 euros, que se engaden aos 34.977,74 euros de base, existindo consignación orzamentaria no orzamento xeral do ano 2019 por ese importe:

Lote	Aplicación	Importe
1. Unidade de Proxectos	9200.22706	14.825,37 euros
2 Vías e Obras	4500.22706	26.877,45 euros
3. Parque Móbil	9201.22706	620,25 euros

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- INADMISIÓN, SE PROCEDE, DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR SUPLUSA, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 14 DE DECEMBRO DE 2018, RELATIVO Á CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS DE TERCEIRA IDADE DE GUITIRIZ.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vistos os antecedentes incorporados ao expediente, xunto co informe do servizo de contratación e fomento, conformado pola Secretaría, que a seguir se transcribe, na súa parte bastante (....).

Antecedentes:

Sobre o recurso de reposición.

Don Manuel Martínez Núñez, presenta no Rexistro Xeral de entrada da Deputación de Lugo o día 11 de xaneiro de 2019, escrito no que manifesta actuar en calidade de Presidente da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA (en adiante SUPLUSA).

Manifesta que tivo coñecemento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, do expediente, publicado na citada plataforma o día 21 de decembro de 2018, referente á construción da residencia de atención a persoas da terceira idade. Guitiriz.

Acouta o acordo adoptado naquela sesión da Xunta de Goberno (14/12/2018) nos seguintes termos:

“Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo a contratación das obras de: GUITIRIZ,- Construción de residencia de atención a persoas da terceira idade, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

Aprobar o gasto por importe de 1.662.430,00, dos cales 151.130,00 corresponden ao IVE (10%).

Aprobar o gasto, como de tramitación anticipada, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP en relación coa súa Disposición Adicional terceira, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financien á contratación (municipais). A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos as anualidades expresadas no cadro precedente.”

Interponse o recurso de reposición, invocando o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Alega a parte recorrente a vixencia dunha encomenda de xestión e un convenio de data 3 de maio de 2011, asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a contratación e xestión de un centro de atención a terceira idade.

Non obstante, os compromisos asumidos nese convenio non se alcanzaron, como proba o feito de que as obras, se liciten, case 8 anos máis tarde.

Efectúa, no recurso, outras digresións en canto a lexitimación do ente instrumental e cita outros acordos do Pleno da Deputación e do Consello de Administración de SUPLUSA.

Tramitacións administrativas previas á licitación: a acción colaborativa non institucionalizada, vía convenio de cooperación para acadar o fin común de construír un centro de atención a persoas maiores na vila de Guitiriz. Items principais.

Concello e Deputación, previa a oportuna tramitación, subscribiron un protocolo xeral para a construción dese centro de atención a persoas maiores, na data do 24 de maio de 2018.

Este protocolo aprobouse en Xunta de Goberno, da entidade provincial, en sesión de 2 de abril de 2018. Acordo que se presume válido e eficaz. Non foi obxecto, que conste, de ningún recurso e/ou alegación.

Xa nese protocolo, apartado quinto, as partes manifestaban o seguinte:

“En data 3 de maio de 2011, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz, asinaron un “Convenio de Colaboración para a construción dun centro de atención á terceira idade a emprazar na actual Casa da Botica”, que fora aprobado polo Pleno do Concello en sesión realizada o 28 de marzo de 2011.

Non se cumpriu ningún dos ítems temporais fixados no citado convenio, que ademais non tiña preestablecido unha correcta duración.

Por elementais razóns de seguridade xurídica debe revisarse o convenio precedente e adaptalo ao novo marco legal establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes), atendendo, polo demais, a determinación establecida na Disposición Adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, en tanto que establece o deber de adaptar os convenios, nun prazo máximo de tres anos dende a entrada en vigor da LRXSP.

Agora ben, dado que as obras programadas non chegaron a iniciarse e, segundo parece, a sociedade mercantil SUPLUSA deixou de ter a condición de medio propio da Deputación (acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 9 de marzo de 2018 e trasladado e coñecido polo Concello de Guitiriz) considérase acaída a celebración dun novo convenio de cooperación coa Deputación seguindo o modelo das residencias de Becerreá, A Pontenova, Pobra de Brollón ou Folgoso de Caurel e declarar extinguido o convenio anterior, que practicamente non chegou a aplicarse”.

No escrito da Alcaldía do Concello de Guitiriz, incorporado ao expediente de tramitación do citado protocolo xeral, manifestábase que o Concello de Guitiriz asinara un convenio o 3 de maio de 2011, aprobado no Pleno do Concello do 28 de marzo de 2011, que por distintas circunstancias (...) non se cumpriron os obxectivos temporais, fixados en un prazo de cinco anos

para o desenvolvemento e construción daquel proxecto de centro de atención a persoas maiores, coñecida como “Casa da Botica”.

A Alcaldía de Guitiriz expresa o desexo de asinar un novo convenio de cooperación, en tanto que as obras non chegaron a iniciarse e SUPLUSA tería deixado de ser medio propio, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 9 de marzo de 2018; expresa que a celebración dese novo convenio debería seguir o modelo de cooperación das “residencias” de Becerreá, A Pontenova ou A Pobra de Brollón, declarando extinguido o convenio anterior.

No expediente constan distintos escritos dunha plataforma cidadá, nomeada “Falemos Claro”, de Guitiriz, que di ter o apoio de preto de 2.500 sinaturas en relación ao desbloqueo da residencia da terceira idade.

Previa a oportuna tramitación administrativa, Deputación e Concello, subscribiron o 3 de agosto de 2018, un convenio interadministrativo de cooperación para a execución de fins comúns consistentes na contratación do centro de atención á persoas maiores, no municipio de Guitiriz.

Este instrumento convencional, relación interadministrativa de carácter bilateral, aprobouse en Xunta de Goberno da Deputación de 29 de xuño de 2018.

No apartado dispositivo do acordo da Xunta de Goberno, acordouse:

“1º.- Aprobado o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excm. Deputación Provincial e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores nese municipio, cun orzamento total de 1.200.000€: A achega da Deputación ascende á contía 1.000.000,00€ e do Concello de Guitiriz a 200.000,00€.

2º.- Aprobado o gasto, en concepto de achega económica, por parte desta Entidade Provincial, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 1.000.000,00 euros, correspondendo á anualidade 2018 o importe de

300.000,00€ e a anualidade 2019 o importe 700.000,00€. A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade e sensibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2019 a cantidade de 700.000,00€.”

O Concello- Pleno de Guitiriz, en sesión celebrada o 26 de xullo de 2018, segundo certificación incorporada ao expediente, adoptou o seguinte acordo:

“1.- Aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz baseado na redacción incorporada ao expediente.

2.- Determinar que na execución e desenvolvemento deste convenio se compra todo o seu contido e se respecten as consideracións referentes ao resultado e obxecto da cooperación efectuadas nos apartados I, II (sobre o contido convencional), desta proposta.

3.- Asumir o compromiso de financiar a achega deste Concello por importe de 200.000,00€, con cargo ao orzamento de 2019, supeditado ao principio de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira. E entrega efectiva desta contía, na conta establecida ao efecto pola Deputación Provincial, efectuarase contra certificación de obra acordada previamente.

4.- Solicitar que se anexe ao contido do convenio unha dilixencia (fe de erratas) coa referencia dunha das parcelas que se pon á disposición da Deputación e que é a seguinte:

Di: 9917430NH8891N0001/B

Debe dicir: 9917431NH8891N0001/B

5.- Comunicar o presente acordo á Deputación Provincial de Lugo e facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura do correspondente convenio de colaboración e demais actuacións precisas para a execución deste acordo.

Logo do debate sométese a votación acadando o seguinte resultado.

Votos a favor: 6 (PSOE)

Votos en contra: 4 (PP)

Abstencións: 3 (BNG, concelleiro non adscrito e Grupo independente).

A proposta de Alcaldía queda aprobada por maioría simple con 6 votos a favor.”

A cláusula décimo-primeira do convenio de referencia, asinado o 3 de agosto de 2018, estipula:

“Décimo primeira.-

Extínguese o convenio de colaboración asinado o 3 de maio de 2011 ao decaer os compromisos asumidos polas partes, procedendo a súa liquidación no prazo máximo de 3 meses a contar dende a sinatura do presente convenio interadministrativo de cooperación.

Os fins e compromisos obrigacionais daquel convenio de 3 de maio de 2011, enténdense substituídos a todos os efectos, polo presente.”

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión celebrada en data 07-12-2018, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar a cláusula primeira, cuarta e sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía complementaria de 477.011,21€ para a anualidade 2020 (que sumados ao importe anteriormente

consignado de 1.200.00,00€ da un total de 1.677.011,21€). A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 477.011,21€.”

Con posterioridade, en Xunta de Goberno de 14-12-2018 aprobouse outra addenda ao dito convenio interadministrativo, en cuxa parte resolutiva, di:

“1º.- Modificar a cláusula terceira do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Aprobar un texto refundido que recolla ambas addendas.”

O Concello-Pleno de Guitiriz, en sesión tamén de 14-12-2018, aprobou as modificacións incorporadas ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz.

Efectuados estes trámites, o 14 de decembro de 2018, asinouse o Texto Refundido das addendas nº 1 e 2 ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores no municipio de Guitiriz, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 29 de xuño de 2018.

Ningún dos acordos enunciados nos puntos precedentes (III) foi obxecto de alegacións, observacións, suxerencias ou reclamación.

En aplicación desa relación interadministrativa de cooperación, atendendo ao estipulado na cláusula terceira do convenio suscrito o 3 de agosto de 2018, a Deputación debe actuar como órgano de contratación, en tanto que asume entre outros ese compromiso:

“4. Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción e liquidación do contrato para construír o centro residencial, obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.”

En cumprimento desa relación bilateral de cooperación, a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 14-12-2018, adoptou o seguinte acordo:

“Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e proxecto técnico relativo á contratación das obras de: GUITIRIZ.-construción de residencia de atención a persoas da terceira idade, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

Aprobar o gasto por importe de 1.662.430,00€, dos cales 151.130,00€ corresponden ao IVE (10%).

Segundo o informe de Intervención de data 13 de decembro de 2018, o contrato financiarase de acordo ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN			CONCELLO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC		
2018	2315.650.09	285.418,79€	A-2218/17430	0,00€	285.418,79€
2019		700.000,00€	RC-220189/165	200.000,00€	900.000,00€
2020		477.011,21€	RC-220189/437	0,00€	477.011,21€
TOTAL		1.462.430,00€		200.00,00€	1.662.430,00€

Aprobar o gasto, como de tramitación anticipada, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP en relación coa súa Disposición Adicional terceira, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financien á contratación (municipais).

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos as anualidades expresadas no cadro precedente.”

No BOP de data 27 de decembro de 2018, sométense a información pública o proxecto técnico, por espazo de quince días. Non se formularon alegacións específicas a ese proxecto técnico.

Na plataforma de contratos do sector público publícase o anuncio de licitación, relativo ao expediente. Ese anuncio publicouse o 21-12-2018.

Outros antecedentes administrativos.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial en sesión de 9 de marzo de 2018, , tal e como se indica no propio recurso de Reposición, adoptou acordo, coa xustificación que consta enunciada no propio expediente administrativo, declarando a perda da condición de medio propio de SUPLUSA.

A Xunta de Goberno en sesión de 1 de xuño de 2018 tomou razón do informe de Intervención, solicitando en Xunta de Goberno de 09/03/2018, en relación coa Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA). Nese informe concretábase os requirimentos que debería cumprir SUPLUSA para a recuperación de medio propio.

En sesión da Xunta de Goberno de 22 de xuño de 2018, deuse conta do informe emitido pola UDC (Profesor Amoedo Souto) sobre o réxime xurídico da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, como medio propio e instrumental da Deputación de Lugo, en cuxa parte conclusiva e no que atinxe á algúns dos aspectos suscitados no recurso de Reposición:

“(…)

Sobre a validez do Acordo da Xunta de Goberno do 9 de marzo do 2018, consideramos que as obrigas previstas no artigo 32 da Lei 9/2017 entraron en vigor xustamente o día en que se adopta o acordo de retirar a condición de medio propio a SUPLUSA, polo que entendemos que este acordo pode invocar os requisitos previstos a maiores no artigo 32.2 Lei 9/2017 como abeiro normativo de seu contido.

O artigo 32.5 da Lei 9/2017 prevé unha consecuencia legal automática (ope legis) ao incumprimento sobrevido dos requisitos sobre o control análogo, en mérito do efecto útil das Directivas comunitarias: a perda da condición de medio propio personificado e, en consecuencia, a imposibilidade de seguir efectuando encargos a SUPLUSA, sen prexuízo da conclusión dos encargos que estivesen en fase de execución (as obras das residencias).

Esta potestade de tutela funcional da entidade matriz sobre o grao de cumprimento dos requisitos previstos no artigo 32.2 é unha potestade esencialmente discrecional que, como tal, debe ser motivada sucintamente ao abeiro do artigo 35.1.i) da Lei 39/2015.

O contido do expediente do Acordo do 9 de marzo inclúe distintos informes detallados, que fornecen unha motivación máis que suficiente sobre a perda de control análogo que se produce ao longo do ano 2017 por mor das circunstancias políticas e administrativas acaecidas no seo de SUPLUSA.

En consecuencia, consideramos plenamente válida a retirada da condición de medio propio e instrumental a SUPLUSA.

En particular, consideramos que a Xunta de Goberno, como órgano colexiado executivo, goza de competencia abastante para adoptar o Acordo do 9 de marzo do 2018.

Xa que logo, non cabe falar de nulidade por terse ditado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia (art. 47.1.b) LPAC 2015). Tal acordo goza da presunción de

validez que é propia de calquera acto administrativo, e está destinado a xerar os efectos que lle son propios dende o momento en que se dita (art. 39.1 Lei 39/2015).

Por último, consideramos que o exercicio da tutela funcional da entidade matriz sobre o medio propio non é impugnabile na orde contencioso-administrativa, por falta de lexitimación activa do medio propio.”

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 27 de xullo, en canto ao réxime xurídico de SUPLUSA, tomou, en base aos informes e antecedentes do expediente, o seguinte acordo:

“Declarar que, a esta data, SUPLUSA non recuperou a condición de medio propio para o que resultaba preciso cumprir os seguintes requisitos necesarios fixados nos artigos 32 LCSP e 86 LRXSP, enunciados no informe de Intervención de data 4 de maio deste ano:

Dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social.

a) Concorrer algunha das dúas circunstancias seguintes:

1) Ser unha opción máis eficiente coa contratación pública e resulte sustentable e eficaz, aplicando criterios de rendibilidade económica.

2) Resultar necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia a necesidade de dispoñer dos bens e servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico.

A denominación da entidade coa condición de medio propio deberá figurar necesariamente “Medio Propio ou a súa abreviatura “M.P.

b) A existencia dun control directo, análogo os que ostentaría sobre os seus propios servizos ou unidades.

c) Aprobar as tarifas pola Xunta de Goberno da Deputación, para a compensación ou retribución económica con aplicación ás unidades de execución dos encargos.

d) Adaptar os estatutos á actual LCSP 2017, en concreto ó dispostos no artigo 32.2.d), para o que existe un prazo de 6 meses dende a entrada en vigor da Lei.”

En relación coa situación xurídica de SUPLUSA e a súa relación coa Deputación Provincial, constan emitidos outros informes dos distintos servizos desta Deputación: entre eles o da Asesoría Xurídica 9/2018, de data 3 de abril de 2018, da Intervención xeral de data 9 de abril, da Secretaria Xeral de 5 de abril e deste mesmo servizo de contratación e fomento de 9 de abril, do ano 2018.

Doutra parte, en canto as competencias revisoras, está asentada a doutrina do Consello Consultivo de Galicia, en canto á inexistencia dunha propia relación de xerarquía entre os distintos órganos da Administración Local, de modo que a competencia para revisión dos respectivos actos corresponde aos órganos que os ditaron: así se considerou, entre outros, no ditame CCG 886/2007, CCG 102/97. Tamén no ditame dese mesmo consello Consultivo de Galicia do 28 de agosto de 2014 (CCG 600/2014), precisando como cada órgano está perfectamente capacitado para coñecer as súas competencias, e polo tanto as súa incompetencias, sen que teña que ser outro órgano, o que o determine.

Concedéuselle trámite de audiencia ao Concello de Guitiriz, a medio de escrito con rexistro de saída 1604/2019, ao abeiro do establecido no artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O Concello de Guitiriz, presentou escrito de alegacións, con RXE 2019RT652 no que di:

“Asunto: Alegacións ao recurso de reposición interposto por don Manuel Martínez Núñez, actuando en calidade de Presidente de SUPLUSA, contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 14/12/2018 relativo á contratación das obras de Guitiriz-contratación residencia de atención a persoas da terceira idade.

Visto o escrito da Presidencia da Deputación de Lugo de data 05/02/2019, de 11/02/2019, no que dase traslado a este Concello do recurso de reposición interposto por don Manuel Martínez

Núñez, actuando en calidade de presidente de SUPLUSA, contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 14/12/2018 relativo á contratación das obras de Guitiriz-contratación residencia de atención a persoas da terceira idade, para que no prazo de dez días se alegue o que se considere conveniente polo Concello de Guitiriz.

Considerando o disposto nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Por parte do Concello de Guitiriz efectúanse en tempo e forma as seguintes alegacións para que sexan tidas en conta polo órgano competente para resolver dito recurso:

O recurso debe desestimarse porque carece de fundamentos xurídicos ao facer referencia a un Convenio de colaboración do ano 2011 que xa non está vixente.

O convenio de colaboración de data 03/05/2011 entre o Concello de Guitiriz e a Deputación de Lugo que establecía que a construción e xestión da residencia faríanse a través de SUPLUSA mediante unha encomenda de xestión, ao que alude o recorrente non está vixente, xa que foi substituído polo Convenio de data 03/08/2018 no que consta expresamente que se extingue e liquida o convenio anterior de data 03/05/2011 que é substituído polo novo Convenio.

Este recente convenio, que foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 29/06/2018, e polo Pleno do Concello de Guitiriz de data 26/07/2018 (acordos que son firmes e consentidos por non haberse recorrido), non recolle ningunha encomenda de xestión a SUPLUSA, nin ningunha outra habilitación en relación con dita residencia de Guitiriz, referíndose sempre á Deputación Provincial de Lugo. Nas addendas de modificación do Convenio de data 14/12/2018 tampouco aparece ningunha referencia a SUPLUSA, polo que o recurso interposto carece de fundamentación xurídica e debería ser desestimado, continuándose o procedemento de licitación das obras.

A relación bilateral e horizontal, de tipo cooperativo, instruméntase entre a Deputación e este Concello. O Concello de Guitiriz, non ten vínculo algún con SUPLUSA. Non é ente

instrumental deste Concello, nos termos establecidos nos artigos 32 e concordantes da Lei de contratos do sector público, en relación co artigo 86 da propia Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O Concello de Guitiriz, con autonomía que lle garante a propia Constitución, ao abeiro da potestade de autoorganización prevista no artigo 4 da LBRL, decidiu en Pleno, ao aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación e este Concello para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a maiores de Guitiriz, que a Deputación actúe como órgano de contratación para licitar e executar as obras do centro de atención a persoas maiores de Guitiriz. En consecuencia, dende a esfera competencial do Concello de Guitiriz e conforme aos acordos adoptados polo Pleno, manifestamos que o recurso interposto debe ser desestimado.

Instamos que se axilice a contratación do centro de atención a maiores de Guitiriz, amplamente demandado, coa constitución dunha plataforma veciñal que recibiu o apoio de preto de 2.500 persoas.

En definitiva, pido.

Que se teña por presentado este escrito de alegacións, opoñéndome ao recurso de reposición referido na cabeceira (...)."

Consideracións Xurídico-Administrativas

Sobre a ausencia lexitimación de SUPLUSA para recorrer os acordos adoptados polo ente titular, do que ven sendo medio propio ata que perdeu esa condición.

Tomamos prestadas as reflexións e consideracións efectuadas no informe que rendeu o profesor da UDC, Don Carlos Amoedo Souto, datado o 18 de xuño de 2018:

(....)

“Ao noso entender, non cabe alegar a autonomía propia das sociedades mercantís como coartada para incumprir os propios estatutos, onde se establecen con claridade a subordinación da

actividade de SUPLUSA as ordes ou mandatos obrigatorios emanados da súa entidade matriz, a Deputación de Lugo. Por seren mandatos obrigatorios, non cabe a impugnabilidade.

Sostense que, no caso de unha entidade matriz adoptar acordos en exercicio dos seus poderes de dilección, control ou tutela sobre o medio propio e instrumental, este carecería de lexitimación activa para impugnar tal acordo na xurisdición contencioso-administrativa, ao abeiro do artigo 20 c) da lei xurisdiccional.

Tal conclusión vese especialmente reforzada nos supostos en que eses poderes de dilección, control e tutela se manifestan precisamente sobre as encomendas ou encargos obrigatorios feitos as entidades instrumentais que gozan da condición de medio propio, precisamente pola natureza xerárquica e interna da que gozan estes mandatos obrigatorios.

Polo demais, non cabe esquecer, para apuntalar esta conclusión, a proxección de maiores controles sobre das administracións territoriais sobre o seu correspondente sector público institucional constitúe unha das orientacións básicas marcadas polo artigo 81 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

O artigo 20 c) da lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa precisa:

“Non poden interpoñer recursos contencioso-administrativo contra a actividade dunha administración pública:

c) As entidades de dereito público que sexan dependentes ou estean vinculadas ao estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, respecto da actividade da administración da que dependan. Exceptuáanse aqueles aos que por lei dotouse dun estatuto específico de autonomía respecto de dita Administración.”

(...)

A propia recorrente parece, indirectamente, recoñecer que carece de lexitimidade en tanto que tería actuado, como medio propio. Neste sentido, no propio escrito de recurso razoa que

podería entenderse como que (“estaría comprendida en el ámbito de aplicación de la norma desde una perspectiva finalista, teleolóxica por constituír la sociedad un medio propio”), aínda que despois trata de asir argumentos no carácter de sociedade mercantil e na súa autonomía.

Nese argumentario, existe unha evidente “*contraditio in terminis*”, posto que de un lado fundamentan o recurso, no convenio de 3 de marzo de 2011, que atribuíu a construción do centro residencial de Guitiriz (Antiga Casa da Botica) a SUPLUSA “a través dunha encomenda de xestión” e doutra, postula a súa lexitimación na eventualidade de actuar con autonomía de decisión. Esa hipotética autonomía na que ancorar aquela eventual lexitimidade, está radicalmente oposta á encomenda contractual.

Precisamente os fundamentos ontolóxicos dos encargos a medios propios (excluíntes da normativa contractual) baséanse, como requisito necesario na existencia dun control, polo ente matriz (a Deputación), análogo ou semellante ao que se pode exercer sobre os seus propios servizos.

Para poder conferir “encomendas” han ser de execución obrigatoria, conforme a instrucións fixadas unilateralmente e cuxa retribución se fixa por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública da que dependen.

Unilateralidade, dependencia, obediencia, son termos enmarcados nun contexto xurídico, que impide a autonomía. Citase, neste sentido, o artigo 24.6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia contractual. En sentido semellante, incluso reforzado, o artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

O acervo xurídico comunitario sobre o “*in house providing*”, impón unha interpretación restritiva deste tipo de relacións de tipo vertical. Un requisito elemental, ao tempo que esencial, para que non exista vínculo contractual, obedece a razóns de pura organización interna, a “*potestade de autorganizacion*”. Desta sorte (asunto C-107-98, TECKAL), a personalidade xurídica diferenciada é meramente formal, pero non material: o poder adxudicador encomendante, debe exercer un control análogo ao que se exerce sobre os propios servizos.

En consecuencia, a inexistencia de lexitimación encaixa, non so na letra c) do artigo 20 da Lei de xurisdición contencioso-administrativa (Lei 29/1998, do 13 de xullo), senón analoxicamente (aínda que non é un órgano administrativo), na letra a) dese mesmo artigo, en tanto que esta forma de autoprovisión de servizos é froito da potestade de organización das administracións publicas.¹

Efectivamente, ese artigo 20.a) da LXCA, exclúe tamén, a posibilidade de interpoñer recurso contencioso-administrativo aos órganos da mesma (salvo que unha lei o habilite). Obsérvase, a estes efectos, que recurso non se interpón por Don Manuel Martínez Nuñez, a título individual ou de deputado, senón na súa calidade de presidente de SUPLUSA: ente que actuou como medio propio da deputación, ata que se declarou a perda desa condición, en base a cuxa organización xurídica se tería celebrado aquel convenio de 3 de maio de 2011.

Ítem mais, se nos centramos no carácter xurídico-privado de SUPLUSA, cabe fundamentar a falta de lexitimación en tanto que actúa en virtude da encomenda (encargo construtivo) como axente ou mandatario da administración titular e tutelante, de modo subordinado (artigo 20.b da LXCA).²

En definitiva, as cuestións debatidas enmárcanse nunha relación xerárquica de supremacía especial: ordenar e cumprir, controlar, unidade decisoria, decisións unilaterais que se imponen (...).

En coherencia con este fío argumental, podemos citar, a maiores:

A Sentencia 102/2003, do 29 de xaneiro, do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (Rec.1721/1999), que inadmite recurso interposto por falta de lexitimidade do Canal de Isabel II, ao pretender impugnar unha liquidación tributaria xirada pola administración de tutela, a Comunidade Autónoma da que depende.

Diversas sentencias da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, entre outras, a número 1009/2008, do 26 de decembro, que tamén inadmite, por falta de

¹ Cfr, a doutrina representada pola STS de 27 de maio de 2002.

² Cfr. STS de 17 de febreiro de 1998.

lexitimación das confrarías de pescadores, un recurso contra a Consellería de pesca, posto que aquelas están sometidas a tutela da Comunidade Autónoma, a través da Consellería de Pesca.

A Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León de Valladolid, en sentencias 1751/2002, do 29 de novembro, inadmite por falta de lexitimación un recurso do colexio de farmacéuticos, contra a administración sanitaria autonómica, posto que aínda que ese colexio non é un órgano da administración sanitaria, executa unha función por delegación da que a administración, contra a que recorre, é titular.

A sentenza 474/2013, do 27 de Xuño, da Sala Contencioso do TSX de Cataluña (Rec. 144/2011), que inadmite, por falta de lexitimación, un recurso interposto pola entidade pública empresarial (ADIF), contra a Dirección General de Costas do Ministerio de Medio Ambiente ao ser esta a administración da que depende aquela.

No mesmo sentido a Sentencia de 1 de marzo de 2010 (Rec. 1598/2007) da Sala do Contencioso da Audiencia Nacional, que tamén inadmite, por falta de lexitimación, unha reclamación de Renfe contra o Ministerio de Fomento, co argumento central da falta de lexitimación dos entes instrumentais para impugnar os actos ditados pola súa administración matriz.

Observamos, no caso analizado, como con SUPLUSA non se presenta unha cuestión de orde competencial (Suplusa non é un órgano administrativo) senón un factor de orde instrumental, subordinación e obediencia, análoga a dun servizo; asimilable a unha orde ou instrución de servizo, das previstas actualmente no Artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

En último termo, non resultan de ningún modo aplicables as excepcións a esta doutrina xurisprudencial que se ven de expoñer, concentradas nas resolucións dos tribunais económico administrativo, os xurados de expropiación ou a Seguridade Social.

A parte recorrente non alega ningún interese xeral, externo a tutela inherente a condición que tivo de medio propio, reforzada no artigo 81 da Lei 40/2015 do 1 de outubro. Tutela funcional e de eficacia establecida claramente no dereito estatal (artigos 176 e 177 da Lei 33/2003 do

Patrimonio das Administracións Públicas); mais, tamén no dereito autonómico (artigo 107 da Lei galega 16/2010). Tampouco en circunstancias, situacións ou posicións distintas ás da relación vertical propia do encargo a medio propio personificado da lexislación contractual.

Tutela funcional e de eficacia, control análogo, potestade de autorganización, exclúen a lexitimación para impugnar acordos de colaboración interadministrativa (horizontal e público-público) entre a Deputación e un Concello, para atacar unha contratación administrativa baseada nese marco cooperativo establecido ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e mais xenericamente dos artigos 143 e 144 da Lei 40/2015 do 1 de outubro.

Podemos citar “a fortiori” seguindo, outra vez mais ao profesor Amoedo Souto, os mecanismos arbitrados establecidos na Disposición Adicional Única da Lei 11/2011, de modificación da Lei 60/2003, excluíntes dos sistemas xurisdiccionais e, por extensión de recurso administrativo: Así o indica o propio artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Sobre o recurso de reposición.

O prego de cláusulas administrativas, que foi obxecto de aprobación, no acordo da xunta de goberno de 14 de decembro recorrido, na cláusula primeira, apartado quinto reflicte:

“Recursos: Encanto os recursos debe estarse ao establecido no artigo 44 da Lei de contratos do sector público, de modo que nos contratos de obras de valor estimado superior a tres millóns de euros (apartado 1 do artigo 44) cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no apartado 2.

Contra as actuacións que caiba recurso especial en materia de contratación, non procedera a interposición de recursos administrativos ordinarios.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do artigo 44 apartado 1º e 2º da LCSP, poderán ser obxecto

de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Nesta licitación e dado o seu valor estimado, non cabe recurso especial en materia de contratación.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, os acordos do cal poñerán fin a vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro e artigo 52 LBRL) ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora da devandita Xurisdición”.

Unha persoa lexitimada, en aplicación do artigo 44.6 da LCSP, podería interpoñer un recurso administrativo ordinario: na administración local o recurso potestativo de reposición (artigos 116, 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril), contra os acordos relativos ao procedemento contractual aprobado en Xunta de Goberno de 14 de decembro e relativo a licitación do proxecto de obra para dotar ao municipio de Guitiriz dun centro de atención a maiores.

O artigo 113.1 da citada Lei 39/2015, permite que a resolución que resolva o recurso de reposición declare a súa admisión.

O artigo 116 desa mesma Lei 39/2015 do 1 de outubro, fixa entre as causa de inadmisión, na letra b) “carecer de lexitimación o recorrente”.

O conxunto de argumentos expostos no apartado precedente, danse por reproducidos neste, a efectos de aplicar a causa de inadmisión fixada no artigo 116.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sobre o fondo do asunto:

A relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación e Concello, instrumentada no convenio (relación bilateral de carácter horizontal), para alcanzar o fin común de construír un centro de atención a persoas maiores na vila de Guitiriz, ten – sinteticamente- a seguinte fundamentación xurídica:

O artigo 30 do Real Decreto Lexislativo, 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sinala:

“A Deputación cooperará a efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril (...)

As formas de cooperación serán: (...) h) subscripción de convenios administrativos; (...)”.

O novidoso artigo 64 bis da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, introducido pola Lei 9/2017, do 16 de setembro, do Parlamento de Galicia, de medidas fiscais e administrativas, referente a promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais a través da formalización de convenios administrativos de colaboración entre a administración autonómica (...) as entidades locais para a creación, a xestión, o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta ao servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia, eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

Os artigos 143 e 144 da Lei 40/2015, “1. as administracións cooperaran ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas

competencias que mellor sirva a este principio. 2. A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...) 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que subscriben. 3. Cada administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

A autonomía municipal, garantida polo bloque da constitucionalidade e a propia carta de autonomía local, con reflexo no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril e no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, non pode verse deturpada, pola presidencia dunha sociedade mercantil, carente de relación de ningunha índole con ese Concello que, primeiro solicitou e despois acordou, cooperar coa administración provincial, con esa competencia cooperativa e fin institucional específico.

O Pleno do Concello de Guitiriz, en sesión de 26 de xullo e 14 de decembro de 2018, decidiu que se extinguía o convenio suscrito o 3 de maio de 2011. E decidiu un marco de cooperación bilateral, horizontal, coa Deputación, a fin de construír un centro de atención a maiores, determinando que a Deputación (e non SUPLUSA) sexa órgano de contratación.

Este recurso de reposición, ataca, sen lexitimación e de modo extemporáneo os acordos municipais e provinciais aprobando o convenio de cooperación suscrito o 3 de agosto de 2018, con addenda de modificación do 14 de decembro de 2018.

Finalmente lembrar, que en todo caso o convenio asinado en 2011, que se extinguiu coa sinatura do novo convenio de 2018 estaba suxeito “ope legis” a necesaria adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, sobre réxime xurídico do sector público. Neste sentido, a disposición Adicional oitava desa LRXSP establece un prazo de adaptación e mesmo determínase automaticamente para os convenio de duración indefinida, como aquel asinado o 3 de maio de 2011. Desta sorte vencería, de non adaptarse ningún acordo, aos catro anos de entrada en vigor da LRXSP:

As administracións públicas provincial e municipal decidiron evitar tal inseguridade xurídica, subscribindo un novo convenio que extingue o precedente. Inseguridade xurídica

contraría ás lexítimas aspiracións da veciñanza dese municipio, que canalizou a súa demanda a través de unha plataforma veciñal para desbloquear a construción dese centro de atención a maiores.

Competencia:

A competencia para resolver respecto do recurso de reposición corresponde ao mesmo órgano que pronunciou o acto impugnado (art. 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusiones:

En base a conto antecede informase favorablemente a inadmisión do recurso de reposición mencionado no encabezamento por carecer de lexitimación o recorrente.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito, ao que gustosamente nos sometemos.

Non obstante a Corporación decidirá.

(...)

Visto canto antecede, elévase a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Inadmitir o recurso de reposición interposto por Don Manuel Martínez Núñez actuando, segundo manifesta, en calidade de Presidente de SUPLUSA, contra o acordo da Xunta de Goberno de 14 de decembro de 2018, relativo á contratación das obras da residencia de atención a persoas da terceira idade de Guitiriz”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZO POR SUPLUSA, PARA CUMPRIR O REQUERIMENTO RELATIVO Á SEGUNDA FASE DA LIQUIDACIÓN DE ENCARGAS, ANTERIORES Á PERDA DA CONDICIÓN DE MEDIO PROPIO POR SUPLUSA, CON ENTREGA DE RESULTADOS: CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, RIBAS DO SIL, MEIRA E NAVIA DE SUARNA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe conxunto do Servizo de Contratación e Fomento e da Sección de Benestar Social e Igualdade, no que se recollen as seguintes consideracións:

Antecedentes.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación, en sesión celebrada o día 9 de marzo de 2018, declarouse a perda da condición de medio propio de SUPLUSA.

Nesa mesma sesión, intimouse a SUPLUSA para a entrega da titularidade xurídica e da posesión de todos os bens que afecten ou constitúan as residencias e/ou centros de día, entre outras, dos Concellos de:

- Ribas de Sil.
- Pedrafita do Cebreiro.

A sociedade SUPLUSA non deu cumprimento ao requirimento efectuado, en relación cos centros destes Concellos, aínda que o foi executando, fora de prazo e parcialmente, tendo que acudir á vía da execución forzosa nalgunha actuación material, en relación cos centros de Trabada, A Fonsagrada, Pol e Castroverde.

A continuidade do encargo limitábase a rematar a construción deses centros de atención a persoas maiores, iniciados.

En relación con eses centros, instábase a correspondente liquidación económica.

SUPLUSA non efectuou os trámites necesarios para recuperar a condición de medio propio, tal e como se constatou pola propia Xunta de Goberno, en sesión de 27 de xullo de 2018, na que se acordou:

Declarar que, a esta data, SUPLUSA non recuperou a condición de medio propio para o que resultaba preciso cumprir os requisitos necesarios fixados nos artigos 32 LCSP e 86 LRXSP, e enunciados no informe de Intervención de data 4 de maio deste ano:

a) Dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social.

b) Concorrer algunha das dúas circunstancias seguintes:

1) Ser una opción máis eficiente ca contratación pública e resulte sustentable e eficaz, aplicando criterios de rendibilidade económica.

2) Resulte necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico.

A denominación da entidade coa condición de medio propio deberá figurar necesariamente “Medio Propio” ou a súa abreviatura “M.P.”.

c) A existencia dun control directo análogo ao que ostentaría sobre os seus propios servizos ou unidades.

d) Aprobar as tarifas pola Xunta de Goberno da Deputación, para a compensación ou retribución económica con aplicación a unidades de execución dos encargos.

e) Adaptar os estatutos a actual LCSP 2017, en concreto ó disposto no artigo 32.2.d), para o que existe un prazo de 6 meses dende a entrada en vigor da Lei.

Á data deste informe non só non recuperou a condición de medio propio, senón que non adaptou os seus estatutos sociais as novas esixencias legais, superado amplamente o prazo establecido ao efecto pola D.T. 4º da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En canto a necesidade de comprobación da execución dos encargos, téñense emitido informes– con anterioridade-, nomeadamente o informe conxunto da Secretaría Xeral e o servizo de Contratación e Fomento de data 15 de outubro de 2018, a cuxo contido nos remitimos.

Tanto o artigo 24.6 do TRLCSP, aprobado polo RD 3/2011, do 14 de novembro, como o art. 32.2 letra a) da LCSP/2017 establecen que os encargos son de execución obrigatoria para os entes destinatarios ao existir un control análogo ao que se ostentaría sobre os propios servizos ou unidades.

Sobre a necesidade de comprobación dos resultados do encargo tense manifestado a Intervención Xeral do Estado, de forma clara e contundente, así en:

“Informe de la IGAE de 30 de julio de 2009, por el que se resuelve consulta sobre la necesidad de solicitar representante del Interventor General de la Administración del Estado para la comprobación de las prestaciones encomendadas”.

Doutra parte, invócase, como norma de referencia para os encargos a medios propios, pola doutrina (ver “El iter procedimental de los expedientes de encomiendas de Gestión tramitados por la AGE”, Santacana Gómez, en Revista Española de Control Externo nº 31 de 2009), o artigo 179 do RD 1098/2001, polo que se aproba o RXLCAP, ao sinalar:

Comprobación, recepción e liquidacións das obras executadas pola Administración.

As obras executadas pola Administración serán obxecto de recoñecemento e comprobación polo facultativo designado para o efecto e distinto do director delas. Cando o importe do investimento sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, deberá solicitarse á Intervención Xeral a designación de delegado para a súa eventual asistencia á comprobación material do investimento, cunha antelación de vinte días á data prevista para a mesma. O anterior será de aplicación aos supostos de fabricación de bens mobles pola Administración e execución de servizos coa colaboración de empresarios particulares.

A liquidación das obras executadas pola Administración e as executadas por colaboradores de acordo co parágrafo a) do artigo 176 deste Regulamento, realizarase mediante os oportunos xustificantes dos gastos realizados por todos os conceptos.

A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co parágrafo b) do artigo 176 deste Regulamento, realizarase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual onde figure o prezo concertado.

Esta disposición non ten carácter básico para a administración local, pero serve para autointegrar o ordenamento xurídico.

No que atinxe á incorporación ao inventario dos resultados do encargo, sen prexuízo doutra normativa específica, indicar a previsión contida no artigo 173 do citado RXLCAP (non básico) e referido— iso si— aos trámites de recepción de obras que neste asunto non se da formalmente, senón referida a comprobación do resultado; en calquera caso, enténdese que o resultado irá seguido da correspondente incorporación ao inventario.

As Bases de Execución do Orzamento para 2019, base nº 36, apartado 1.3.12 (Expedientes de execución de traballos pola propia administración. Encargos a medios propios personificados previstos no art. 32 da LCSP), establece unha previsión específica sobre a liquidación de encargos.

Non obstante, hase considerar a Disposición transitoria primeira destas Bases de Execución do Orzamento/2019, ao establecer:

Primeira: No ámbito da fiscalización en materia de contratos e encomendas a medios propios aplicaranse transitoriamente as Bases de Execución 2018 inicialmente aprobadas, cando sexa de aplicación a normativa anterior á LCSP.

En definitiva, aplícase o apartado 1.3 14, letra c) das Bases de Execución do Orzamento de 2018 que, en relación ao aboamento dos traballos, realizados en virtude de encargo precisa:

- Que se acompaña liquidación económica total ou parcial da encomenda comprensiva das certificacións ou documentos acreditativos da realización das obras, servizos ou subministros.
- Que existe informe favorable da execución dos traballos emitido pola unidade administrativa xestora correspondente.
- No seu caso, que se cumpren os extremos incluídos no acordo de encargo da encomenda.

A maior afondamento, como norma especial na que anclar a necesaria comprobación, está o RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, con especial mención ao sinalado no artigo 20, ordenando a intervención material da comprobación do investimento, complementado pola resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración Estatal (BOE de 2 de agosto), no apartado de encargos a medios propios personificados previstos no artigo 32 da LCSP/2017, aplicable por remisión do art. 13.2 letra C do citado RD de control interno nas entidades do sector público, xunto coa Circular da Intervención de data 12 de setembro de 2018, sobre recepción de investimentos.

Resulta necesario entregar, en relación a cada un dos centros, a certificación final da obra, o libro do edificio coa información establecida na normativa de aplicación, os trámites administrativos realizados en canto ás autorizacións esixidas para a posta en funcionamento de cada un dos centros, os resultados xurídicos e materiais do encargo e a liquidación económica.

En canto ao libro do edificio, o seu contido está regulado na Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación; no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de Edificación; no Real Decreto 47/2007, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o Procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética de edificios de nova construción; no Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios; o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, e demais normativa de aplicación.

Ao fin da comprobación dos resultados, debe articularse a correspondente inspección e comprobación por técnicos coa debida habilitación profesional, así como a comprobación material do investimento pola Intervención Provincial.

A actividade administrativa obxecto deste informe, sustentase no principio xeral de eficacia administrativa, servizo a cidadanía (entre outros do Artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro); tamén no impulso necesario aos procedementos administrativos, consonte ao artigo 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O órgano competente, para adoptar os acordos relativos a este asunto, é a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no exercicio das funcións de tutela e conforme aos acordos adoptados por este órgano con carácter precedente:

- Declaración da perda da condición de medio propio de SUPLUSA respecto da Deputación Provincial de Lugo, acordada en sesión ordinaria celebrada o 9 de marzo de 2018.
- Declaración de que SUPLUSA non recuperou a condición de medio propio, acordada en sesión de 27 de xullo de 2018.
- Toma de razón da entrega dos resultados da encomenda para a construción dos centros de atención a persoas maiores, acordada en sesión de 15 de outubro de 2018.

Acordo da Xunta de Goberno de data 22 de febreiro de 2019, relativa a “segunda fase de liquidación de encargos a SUPLUSA, anteriores á perda de condición de medio propio, con entrega de resultados: centros de atención a maiores de Pedrafita do Cebreiro, Ribas de Sil, Meira e Navia de Suarna”, adoptando o seguinte acordo:

“Requirir a SUPLUSA para que no prazo máximo de dez días, remita á Deputación:

a) Certificación final das obras dos Centros de Atención a Miores de Pedrafita do Cebreiro, Ribas de Sil, Meira e Navia de Suarna, con relación valorada e planos do estado de execución final.

b) O Libro do edificio de cada un deses centros, que incorporará, como mínimo, a seguinte información:

- o proxecto, coa incorporación, no seu caso, das modificacións debidamente aprobadas (LOE, art. 7) (este proxecto será facilitado ao promotor polo director da obra, para a formalización dos correspondentes trámites administrativos);
- acta de recepción (LOE, art. 7);
- relación identificativa dos axentes que interviñeron durante o proceso de edificación (LOE, art. 7 -Lei 4/2003, art. 29, para vivendas);
- documentación relativa ás instrucións de uso e mantemento do edificio e as súas instalacións, de conformidade coa normativa que lle sexa de aplicación (LOE, art. 7-RD1027/2007, art. 24);
- plan de mantemento do edificio coa planificación das operacións programadas para o mantemento do edificio e as súas instalacións (Parte I CTE, art. 8);
- documentación indicada no art. 7.2 da Parte I do CTE sobre o control de recepción en obra de produtos, equipos e sistemas, que comprende o control da documentación das subministracións, o control mediante distintivos de calidade e avaliacións técnicas de idoneidade e o control mediante ensaios (Parte I CTE, art. 8);
- certificado de eficiencia enerxética do edificio terminado (RD 47/2007, art. 7);
- proxecto ou memoria técnica da instalación térmica realmente executada (RD 1027/2007, art. 24);

- relación de materiais e equipos realmente instalados (nas instalacións térmicas), nas que se indiquen as súas características técnicas e de funcionamento (RD 1027/2007, art. 24);
- documentación de orixe e garantía dos materiais e equipos do punto anterior (RD 1027/2007, art. 24);
- resultados das probas de posta en servizo das instalacións térmicas, realizadas de acordo coa IT 2 (RD 1027/2007, art. 24);
- certificado da instalación (ou instalacións) térmica, rexistrado no órgano competente da Comunidade Autónoma (RD 1027/2007, art. 24);
- certificado da inspección inicial da instalación (ou instalacións) térmica, cando sexa preceptivo (RD 1027/2007, art. 24);
- unha copia do Libro de Subcontratación debidamente cumprimentado (RD 1109/2007, art. 16) (esta copia será entregada polo contratista ao Director de Obra, para que a incorpore ao Libro do Edificio);
- documentación de todas as actuacións, xa sexan de reparación ou reforma, realizadas na o instalación (ou instalacións) térmica, así como as relacionadas co fin da vida útil da mesma ou os seus equipos (RD 1027/2007, art. 25) (esta documentación será responsabilidade do titular da instalación).

Substitutivamente, aquela documentación e/ou información con contido equivalente aos documentos relacionados con anterioridade, con independencia do seu nome.

c) certificado final de obra.

d) Toda a documentación necesaria para a declaración de obra nova, incluídas as licencias urbanísticas e proxectos de execución, coas súas modificacións, de existiren.

e) Ensaio acústicos.

f) Trámites realizados, en relación coas autorizacións administrativas necesarias para a posta en funcionamento de cada un destes Centros de Atención a Maiores, con especial mención aos expedientes tramitados ao abeiro do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime, rexistro, autorización e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

g) Entrega de resultados, tanto na súa dimensión xurídica como material.

h) Liquidacións económicas.

Unha vez recibida a documentación precedente, procederase, por funcionarios da área técnica (facultativa) coa debida habilitación profesional, sen prexuízo doutras colaboracións, á inspección e comprobación final do construído, así como da concordancia entre o construído e o proxecto para o que obtivo licenza urbanística e, no seu caso, dos seus modificados.

A Intervención Xeral, con ocasión de inspección indicada no apartado precedente, procederá á comprobación material dos investimentos, en aplicación do establecido polo Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, complementado pola Resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención da Administración do Estado (BOE núm. 186 de 2 de agosto de 2018) e nas Bases de Execución do Orzamento vixentes.

Advírtese a SUPLUSA que, no caso de non cumprir voluntariamente co ordenado nos anteriores apartados, procederase á execución subsidiaria, como medio de execución forzosa, de acordo co previsto no artigo 102, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais disposicións de concordante aplicación, aplicando as medidas administrativas e técnicas requiridas en cada caso.”

Dito acordo da Xunta de Goberno foi notificado a SUPLUSA, en data 13 de marzo de 2019, e entrada na Sociedade Urbanística de Lugo, SA o 14 de marzo de 2019.

Con data 14 de marzo de 2019, SUPLUSA solicita que debido ó volume da documentación solicitada e ós escasos medios materiais e persoas cos que conta, na actualidade esta Sociedade, é imposible a entrega de toda a documentación solicitada no curto prazo concedido, polo que acaba solicitando unha ampliación de prazo.

Dita solicitude de SUPLUSA, efectúase antes do vencemento do prazo concedido.

O artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as administracións públicas, salvo precepto en contrario, poderán conceder de oficio ou a petición de parte unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, si as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican

dereitos de terceiros. A decisión da ampliación de prazos deberá producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate, sen que se poida ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido.

Neste caso que nos ocupa, tramítase unha ampliación do prazo para a solicitude de entrega de resultados por parte de SUPLUSA, a petición da interesada, con respecto ao prazo establecido na resolución de 22/02/2019 (10 días). A ampliación proposta non excede da metade do prazo establecido inicialmente (amplíase en 5 días). O acordo de ampliación prodúcese antes do vencemento do prazo inicialmente establecido. Axústase polo tanto aos requirimentos do artigo 32 da LPAC. En aras de facilitar a entrega completa e ordenada da documentación e resultados, enténdese adecuado acceder a solicitude de ampliación de prazo.”

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º- Conceder unha ampliación do prazo inicialmente concedido, por cinco días para que SUPLUSA, remita á Deputación, a documentación requirida no acordo da Xunta de Goberno de data 22 de febreiro de 2019 e nos termos dese acordo.

2º- Advertir, novamente a SUPLUSA que, no caso de non cumprir voluntariamente co ordenado no acordo de 22 de febreiro de 2019, procederase á execución subsidiaria, como medio de execución forzosa, de acordo co previsto no artigo 102, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais disposicións de concordante aplicación, aplicando as medidas administrativas e técnicas requiridas en cada caso”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE GUITIRIZ.- CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA DE ATENCIÓN A PERSOAS DA TERCEIRA IDADE.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 1.662.430,00 € (IVE incluído 10%), correspondente á obra: GUITIRIZ.- Construción de Residencia de Atención a Persoas da Terceira Idade.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 21 de decembro de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 23 de xaneiro de 2019 deuse conta das empresas presentadas así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación da obra identificada como GUITIRIZ.- Construción de Residencia de Atención a Persoas da Terceira idade segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 21 de decembro de 2018 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público.

Nesa mesma sesión, procedeuse á apertura do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e observándose deficiencias na mesma, no sentido que a UTE: Coto Estudios y Construcciones SL– Luis Villamide SL, non presenta o compromiso de UTE, senon que achega documentación que non ten que ver con esta licitación, como manifesta o seu representante, presente no acto, ao indicar que foi un erro ao adxuntar a documentación escaneada, pero que o teñen asinado e en disposición de achegalo. A mesa, por unanimidade acordou, tendo en conta o establecido na cláusula 16 do PCAP e de conformidade co artigo 140 da LCSP e artigo 81 do RXLC, requirir a UTE: Coto Estudios y Construcciones SL– Luis Villamide SL e concederlle un

prazo de 3 días hábiles, para que saneen o erro apreciado, achegando o amentado compromiso, que debía existir a data de terminación do prazo para presentación de ofertas; proseguiuse coa apertura dos arquivos que conteñen a oferta económica.

En efecto, de orde da Presidencia, procedíase á apertura do arquivo dixital “2” que contiñan as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

GUITIRIZ.- CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA DE ATENCIÓN A PERSOAS DA TERCEIRA IDADE

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

1.662.430,00

VALOR ESTIMADO

1.511.300,00

IVE. PARTIDA
INDEPEND

CLASIFICACION EXIGIDA:

C-2-4 /// C-4-4

PRAZO DE EXECUCIÓN:

12

MAXIMO

30.226,00

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (60)	OUTROS							CRITERIO DESEMPATE	
		PREZO (IVE incluido - art 102)	SEGUIMIENTO OBRA TEMPO REAL (3/5/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)	Plantel / Discapac.
			OPCIÓN (A/B/C)	OPCIÓN (SI/NO)	MESES (max 24)	DÍAS	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	IMPORTE	
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	1.188.138,72 €	C	SI	24,00	90,00	12,00	11	91,67%	30.226,00 €	12/0
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.428.845,00 €	c	SI	12,00	0,00	9,00	6	66,67%	3.000,00 €	9/0
3	CONSTRUCCIONES OREGA	1.194.984,91 €	c	SI	24,00	90,00	20,00	11	55,00%	26.289,67 €	20/0
4	CONSTRUCCIONES CONSVIAL SL	1.144.084,34 €	C	SI	24,00	90,00	25,00	21	84,00%	1.500,00 €	25/1
5	CONTRATAS VILOR SL	1.483.091,50 €	A,B,C	SI	24,00	90,00	52,00	23	44,23%	24.980,17 €	52/1
6	COPCISA SA	1.333.767,59 €	C	SI	24,00	90,00	339,00	225	66,37%	24.250,32 €	339/0
7	UTE: COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL - LUIS VILLAMIDE SL	1.446.500,00 €	C	SI	24,00	90,00	22,00	15	68,18%	20.000,00 €	22/0
8	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.423.419,55 €	C	SI	24,00	90,00	13,00	8	61,54%	18.000,00 €	13/0
9	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA	1.241.336,48 €	C	SI	24,00	90,00	131,00	78	59,54%	30.226,00 €	131/3
10	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	1.420.380,50 €	C	SI	24,00	90,00	20,00	5	25,00%	30.226,00 €	20/0
11	PRADO LAMEIRO SL	1.411.237,30 €	C	SI	24,00	90,00	5,00	2	40,00%	30.226,00 €	5/0
12	VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA	1.563.974,00 €	C	SI	24,00	90,00	102,00	32	31,37%	7.556,50 €	102/3
13	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.327.117,87 €	A,B,C	SI	24,00	90,00	23,00	19	82,61%	30.226,00 €	23/1

Pola mesa observouse que algunhas das ofertas non indican o IVE correcto, xa que fan o cálculo do 21%, cando a licitación desta Residencia está suxeita ao IVE do 10%, como así consta no proxecto e no PCAP, así como no modelo de oferta. A mesa acordou aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (base 100.000,00; IVE: 10% sobre base: 10.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 110.000,00). Este razoamento é extensible as ofertas que aplicaron un IVE do 21% (Obras y

Servicios Crespo SL e Prado Lameiro SL), en lugar do 10%. Respectase en todo caso o importe precisado como “base imponible”.

A mesa, vista a oferta en relación co apartado de “seguimento da obra en tempo real”, no que as empresas Contratas Vilor SL e Xestión Ambiental de Contratas SL, marcan as casillas das tres opcións posibles (cámaras CCTV, cámaras IP e Sistema crane cam), acorda aceptar a de maior puntuación, e de ser adxudicatario algún deles deberá cumprir coas tres opcións, segundo o establecido no PCAP.

Así mesmo, observase que a porcentaxe de traballadores indefinidos indicados no anexo III-bis de algunha das empresas presentadas, concretamente Joca Ingeniería y Construcción SA; Obras y Servicios Gómez Crespo SL e Prado Lameiro SL, non é correcto, e feita a operación matemática para acadar o porcentaxe, a mesa acorda recoller na acta o dato correcto de acordo coas operacións realizadas ao introducir os datos na folla de cálculo excell, e que constan correctamente aplicadas no cadro precedente.

De seguido procedérase, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		OFERTA (A-B)
		Oferta
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	1.188.138,72 €
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.428.845,00 €
3	CONSTRUCCIONES OREGA SL	1.194.984,91 €
4	CONSTRUCCIONES CONSVIAL SL	1.144.084,34 €
5	CONTRATAS VILOR SL	1.483.091,50 €
6	COPCISA SA	1.333.767,59 €
7	UTE: COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL - LUIS VILLAMIDE SL	1.446.500,00 €
8	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.423.419,55 €
9	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA	1.241.336,48 €
10	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	1.420.380,50 €
11	PRADO LAMEIRO SL	1.411.237,30 €
12	VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA	1.563.974,00 €
13	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.327.117,87 €

MEDIA 1.354.375,21	NOVA MEDIA 1.336.908,65
-----------------------	----------------------------

BAIXA DESPROPORCIONADA 1.218.937,69	NOVA BAIXA 1.203.217,78
---	----------------------------

10% ARRIBA 1.489.812,73

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:

A vista do anterior, visto que as ofertas presentadas polas mercantís Construcciones Alea SL, Constsrucciones Orega SL e Construcciones Consvial SL, incorren en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia aos contratistas indicados para que xustifiquen a súas ofertas e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente. Trámite efectivamente executado.

A Mesa de contratación, en reunión celebrada en data 22 de febreiro de 2019 tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros constan os seguintes extremos:

“(...) polo Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans- requiriuse a UTE: Coto Estudios y Construcciones SL– Luis Villamide SL por escrito de data 29/01/2019, para que presentara o compromiso de constitución en UTE, concedéndolle un prazo de tres días para a súa achega.

Por escrito de data 29/01/2019, foi achegado o compromiso de UTE requirido, en tempo e forma.

Segundo o acordado pola Mesa, polo Servizo de Contratación e Fomento– Unidade de Obras e Plans-, e tendo en conta o establecido na cláusula 13 do PCAP, reitor da adxudicación da obra, solicitouse das empresas Construcciones Alea SL, Construcciones Orega SL e Construcciones Consvial SL a súa xustificación, a través de escritos con de data 30 de xaneiro de 2019, achegado polo canle do correo electrónico autorizado polo licitador, con confirmación de lectura do día 01 de febreiro de 2019.

As empresas Construcciones Alea SL, Construcciones Orega SL e Construcciones Consvial SL, presentaron xustificación no prazo outorgado, que unha vez recibidas foi remitida ao Servizo de vías e obras da Deputación, para que polo autor do proxecto informase no prazo mais breve posible.

Polo autor do proxecto emitíronse informes en relación coas ofertas das mercantís Construcciones Alea SL, Construcciones Orega SL e Construcciones Consval SL no que, entre outros, constan os seguintes extremos:

En relación coa xustificación da mercantil Construcciones Alea SL:

“(…)

En base al análisis de los justificantes arriba relacionados, este funcionario considera que los mismos no constituyen elementos diferenciadores válidos ni están debidamente fundamentados, y por lo tanto no se pueden considerar como una justificación válida en base a la cual se pueda acreditar como realista la oferta económica presentada por la empresa Construcciones Alea SL la cual fue considerada inicialmente como desproporcionada.

Conclusión

Visto el análisis anterior, y reiterándome en él, este Arquitecto concluye e informa, a los efectos oportunos, que no se puede considerar válidos los criterios de justificación aportados por la empresa Construcciones Alea SL, la cual no aporta, ni siquiera, documentos ni certificados justificativos de ningún tipo que permita estimar como no desproporcionada la oferta presentada para la ejecución de la obra GUITIRIZ.- Construcción de Residencia de Atención a Persoas da Terceira Idade razón por la cual se propone que la misma sea considerada definitivamente como desproporcionada o temeraria”.

En relación coa xustificación da mercantil Construcciones Orega SL:

“(…)

En base al análisis de los justificantes arriba relacionados, este funcionario considera que los mismos no constituyen elementos diferenciadores válidos ni están debidamente fundamentados, y por lo tanto no se pueden considerar como una justificación válida en base a la cual se pueda

acreditar como realista la oferta económica presentada por la empresa Construcciones Orega SL la cual fue considerada inicialmente como desproporcionada.

Conclusión

Visto el análisis anterior, y reiterándome en él, este Arquitecto concluye e informa, a los efectos oportunos, que no se puede considerar válidos los criterios de justificación aportados por la empresa Construcciones Orega SL, la cual no aporta, ni siquiera, documentos ni certificados justificativos de ningún tipo que permita estimar como no desproporcionada la oferta presentada para la ejecución de la obra GUITIRIZ.- Construcción de Residencia de Atención a Persoas da Terceira Idade, razón por la cual se propone que la misma sea considerada definitivamente como desproporcionada o temeraria”.

En relación coa xustificación da mercantil Construcciones Consval SL:

“(…)

En base al análisis de los justificantes arriba relacionados, este funcionario considera que los mismos no constituyen elementos diferenciadores válidos ni están debidamente fundamentados, y por lo tanto no se pueden considerar como una justificación válida en base a la cual se pueda acreditar como realista la oferta económica presentada por la empresa Construcciones Consval SL la cual fue considerada inicialmente como desproporcionada.

Conclusión

Visto el análisis anterior, y reiterándome en él, este Arquitecto concluye e informa, a los efectos oportunos, que no se puede considerar válidos los criterios de justificación aportados por la empresa Construcciones Consval SL, la cual no aporta, ni siquiera, documentos ni certificados justificativos de ningún tipo que permita estimar como no desproporcionada la oferta presentada para la ejecución de la obra GUITIRIZ.- Construcción de Residencia de Atención a Persoas da Terceira Idade, razones por las cuales se propone que la misma sea considerada definitivamente como desproporcionada o temeraria”.

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte acordo:

Rexeitar, en base aos informes técnicos emitidos, as ofertas das mercantís Construcciones Alea SL, Construcciones Orega SL e Construcciones Consvial SL, ao non considerarse xustificadas as súas ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

Que polo Servizo de Contratación e Fomento, se proceda á valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

Pola Mesa, por unanimidade, acordase aceptalo e en consecuencia facelo seu, uníndose a Acta, polo que se procedeu á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (60)			OUTROS (40)													TOTAL
		Oferta		PTOS	SEGUIMIENTO WEB (3/6/10)		MODELO BIN (8)		AUMENTO GARANTÍA (7)		REDUCCIÓN EJECUCIÓN (7)		ESTABILIDADE EMPREGO (4)		PLAN DIVULGACIÓN (4)			PUNTOS
					OPCIÓN (A-B-C)	PTOS	SI /NO	PTOS	MESES (MAX 24)	PTOS	DÍAS (MAX 90)	PTOS	% INDEFINIDOS	PTOS	IMPORTE	PTOS		
		PREZO (INCLUIDO IVA)																
1	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.428.845,00 €	33,28	C	10,00	SI	8,00	12,00	3,50	0,00	0,00	66,67	3,23	3.000,00 €	0,40	58,41		
2	CONTRATAS VILOR SL	1.483.091,50 €	25,55	A,B,C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	90,00	7,00	44,23	2,14	24.980,17 €	3,31	63,00		
3	COPCISA SA	1.333.767,59 €	46,83	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	90,00	7,00	66,37	3,21	24.250,32 €	3,21	85,25		
4	UTE: COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL - LUIS VILLAMIDE SL	1.446.500,00 €	30,77	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	90,00	7,00	68,18	3,30	20.000,00 €	2,65	68,72		
5	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.423.419,55 €	34,06	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	90,00	7,00	61,54	2,98	18.000,00 €	2,38	71,42		
6	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA	1.241.336,48 €	60,00	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	90,00	7,00	59,54	2,88	30.226,00 €	4,00	98,88		
7	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRÉSPOL	1.420.380,50 €	34,49	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	90,00	7,00	25,00	1,21	30.226,00 €	4,00	71,70		
8	PRADO LAMEIRO SL	1.411.237,30 €	35,79	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	90,00	7,00	40,00	1,94	30.226,00 €	4,00	73,73		
9	VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA	1.563.974,00 €	14,03	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	90,00	7,00	31,37	1,52	7.556,50 €	1,00	48,55		
10	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.327.117,87 €	47,78	A,B,C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	90,00	7,00	82,61	4,00	30.226,00 €	4,00	87,78		

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP procédese

á clasificación por orde decrecente das propostas e requir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 27 de febreiro de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Rexeitar, en base aos informes técnicos emitidos, as ofertas das mercantís Construcciones Alea SL, Construcciones Orega SL e Construcciones Consval SL, ao non considerarse xustificada as súas ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL PUNTOS
1	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA	98,88
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	87,78
3	COPCISA SA	85,25
4	PRADO LAMEIRO SL	73,73
5	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	71,70
6	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	71,42
7	UTE: COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL - LUIS VILLAMIDE SL	68,72
8	CONTRATAS VILOR SL	63,00
9	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	58,41
10	VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA	48,55

Requirir ao contratista Joca Ingeniería y Construcción SA por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras”.

Por escritos de data 12 de marzo de 2019 foille notificado ás mercantís Construcciones Alea SL, Construcciones Orega SL e Construcciones Consvial SL a Resolución da Presidencia de data 27 de febreiro de 2019, pola que se exclúen da clasificación, e por ende da licitación, ao non considerarse xustificadas as súas ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas.

Por escrito de data 4 de marzo de 2019 foi requirida a mercantil Joca Ingenieria y Construcción SA, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 56.424,39 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma. Ese requirimento recibíuse pola destinataria na data do 6 de marzo de 2019.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra GUITIRIZ.- Construción de residencia de atención a persoas da terceira idade, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 14 de decembro de 2018, á mercantil Joca Ingenieria y Construcción SA, representada por D^a Gema Rodriguez García, no prezo de 1.241.336,48 dos cales 112.848,77 € son de IVE (10 %); efectuará un seguimento da obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam; elaborará e entregará o modelo de información de edificio (BIM). Establécese o aumento do prazo de garantía de 24 meses por encima dos 12 obrigatorios. Fíxase unha redución do prazo de execución de 90 días e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 30.226,00 € mais IVE .

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2020 a cantidade de 477.011,21 €.

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN			TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC	
2018	2315650.0955	285.418,79€	A-2218/17430	285.418,79€
2019	231565009	478.906,48€	RC-220189/165	478.906,48€
2020	231565009	477.011,21€	RC-220189/437	477.011,21€
TOTAL		1.241.336,48€		1.241.336,48€

A baixa resultante na adxudicación da obra, imputarase na anualidade de 2019.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra GUITIRIZ.- Construción de residencia de atención a persoas da terceira idade conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 14 de decembro de 2018, á mercantil Joca Ingenieria y Construcción SA, representada por Dª Gema Rodriguez García, no prezo de 1.241.336,48 dos cales 112.848,77 € son de IVE (10 %); un seguimento da obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); un aumento do prazo de garantía de 24 meses; unha redución do prazo de execución de 90 días e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 30.226,00 € mais IVE .

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

5º.- A Deputación adquire o compromiso, supeditato a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2020 a cantidade de 477.011,21 €.

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN			TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC	
2018	2315650.0955	285.418,79€	A-2218/17430	285.418,79€
2019	231565009	478.906,48€	RC-220189/165	478.906,48€
2020	231565009	477.011,21€	RC-220189/437	477.011,21€
TOTAL		1.241.336,48€		1.241.336,48€

6º.- A baixa resultante na adxudicación da obra, imputarase na anualidade de 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE VIVEIRO E XOVE, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Viveiro e Xove no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establecece “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada Concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se indican as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se indican:

Concello de Viveiro

O Concello de Viveiro presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	Identificación	Aplicación	Baixa € Deputación
303	Pavimentación e Servizos Entre os Nº 96 e 102 da Rúa Grande (Celeiro)	2018 1532 762	5.640,62€
304	Pavimentación e Servizos Rúa A Calexá (Celeiro)	2018 1532 762	14.666,69€
305	Acondicionamento e Mellora Paseo Marítimo Covas en Tramo Frente a os Castelos (Covas)	2018 1532 762	9.383,95€
306	Acondicionamento e Mellora Beirarrúas de Acceso A Lodeiro	2018 1532 762	2.241,39€
307	Reposición Beirarrúas no Primeiro Tramo da Rúa Cidade de Ortigueira (Covas)	2018 1532 762	7.330,33€

Así mesmo, por escrito de data 12 de marzo de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

Identificación	Aplicación	Financiación Deputación	Financiación Concello	Total Investimento
Aumento de Unidades de Obra (liquidación) na Obra Pavimentación e Servizos Entre os Nº 96 e 102 da Rúa Grande (Celeiro)	2018 1532 762	3.234,99€	--	3.234,99€
Aumento de Unidades de Obra (liquidación) na Obra Pavimentación e Servizos na Rúa Calexá en Celeiro	2018 1532 762	3.910,55€	--	3.910,55€

Concello de Xove

O Concello de Xove presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	Identificación	Aplicación	Baixa € Deputación
310	Acondicionamento e Mellora dos Camiños Sumoas-San Critobo e Vilachá-Ceranzos, (segundo coordenadas UTM), Incluído Honorarios	2018 1531 762	29.931,43€

Así mesmo, por escrito de data 29 de xaneiro de 2019, 5328, de data 8 de marzo de 2019 e posterior aclaración, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” na seguinte actuación relacionada; conséntase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

Identificación	Aplicación	Financiación Deputación	Financiación Concello	Total Investimento
Mellora de Diversos Accesos nos Núcleos Situados Entre Reboredo– Castelo	2018 1531 762	29.931,43€	15.972,72€	45.904,15€

Tendo en conta as solicitudes dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das reguladoras do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos respectivos concellos, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Viveiro e Xove e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

Identificación	Concello	Aplicación	Financiación Deputación	Financiación Concello	Total Investimento
Aumento de Unidades de Obra (liquidación) na Obra Pavimentación e Servizos Entre os nº 96 e 102 da Rúa Grande (Celeiro)	Viveiro	2018 1532 762	3.234,99€	--	3.234,99€
Aumento de Unidades de Obra (liquidación) na Obra Pavimentación e Servizos na Rua Calexa en Celeiro		2018 1532 762	3.910,55€	--	3.910,55€
Mellora de Diversos Accesos nos Núcleos Situados Entre Reboredo– Castelo	Xove	2018 1531 762	29.931,43€	15.972,72€	45.904,15€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE LOURENZÁ, SOLICITANDO NOVA PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá, no que solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.

A Alcaldía do concello que se indica, solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Lourenzá:

O Concello de Lourenzá incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

Lourenzá	121	Identificación	Mellora e Acondicionamento de Vías Municipais: de Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias- Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santoadrao, P.K. 0+000- 1+236				
		Financiación	98.522,42	28.981,03	127.503,45	x	
	122	Identificación	Reparación de Beirarrúas na Rúa Secretario Luís Iglesias				
		Financiación	27.099,57	0,00	27.099,57	x	
	123	Identificación	Subministro de 50 Contenedores de Residuos de 800 L				
		Financiación	8.058,60	0,00	8.058,60		x
	124	Identificación	Subministro de 250 Luminarias Led				
		Financiación	19.662,50	0,00	19.662,50		x

A Alcaldía do Concello de Lourenzá a través de escrito de data 29 de xuño de 2018, que tivo entrada nesta Deputación o 02 de xullo de 2018, de conformidade co establecido nas bases reguladoras do Plan único 2018, solicitou que a obra mellora e Acondicionamento de Vías Municipais: de Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias- Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santoadrao, P.K. 0+000- 1+236, fose realizada pola Deputación.

Pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 26 de Outubro de 2018 adoptouse acordo de concesión de prórroga nos termos que se indican:

Investimento		Prorroga Adxudicación ata
Nº	Identificación	
121	Mellora e Acondicionamento de Vías Municipais: de Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias- Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santoadrao, P.K. 0+000- 1+236	30-03-2019
122	Reparación de Beirarrúas na Rúa Secretario Luís Iglesias	30-03-2019

Pola Alcaldía do Concello de Lourenzá, de data 12 de marzo de 2019, solicítase unha nova prórroga “...debido a complicacións na tramitación da licitación da citada obra...” para o investimento e polo prazo que se sinalan a continuación:

Investimento		prorroga adxudicación ata
Nº	Identificación	
121	Mellora e Acondicionamento de Vías Municipais: de Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias- Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santoadrao, P.K. 0+000- 1+236	30-06-2019

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía indicada, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, “os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Debe ponderarse, a estes efectos, a necesidade de tramitar un convenio de cooperación a fin de articular que a Deputación sexa órgano de contratación, se ben da formalización e execución do Contrato se responsabiliza o Concello de Lourenzá.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da nova prórroga ao Concello indicado para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, incluídos no Plan único 2018, e ata o prazo solicitado.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lourenzá, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación do investimento indicado deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV).

Investimento		Concello	Prorroga Adxudicación ata
Nº	Identificación		
121	Mellora e Acondicionamento de Vías Municipais: de Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias- Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santoadrao, P.K. 0+000- 1+236	Lourenzá	30/06/2019

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE INSTRUCCIÓN INTERPRETATIVA EN RELACIÓN COA INTERPRETACIÓN DAS BASES DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ANUALIDADES 2017 E 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe dos Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo a interpretación en relación coas bases do Plan único de cooperación cos concellos 2017 e 2018, que dispón o seguinte:

“Informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación coa interpretación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos anualidades 2017 e 2018.

Antecedentes

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e oito de marzo de dous mil dezasete (28/03/2017), aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos concellos 2017.

No BOP nº 74, de data 30 de marzo de 2017, publicáronse as amentadas bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos, anualidade 2017.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e sete de febreiro de dous mil dezaioito (27/02/2018), deu aprobación ás bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos concellos 2018.

No BOP nº 51, de data 3 de marzo de 2018, publicáronse esas bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos, anualidade de 2018.

As bases reguladoras, de ambas anualidades, establecen na súa cláusula 20, de título “Pago da achega provincial” o seguinte, “(...) A liquidación definitiva das achegas da Deputación provincial realizarase, logo da aprobación pola Deputación da conta xustificativa global do Plan Único que deberá presentarse na data límite 15/11/2018 /15/10/2019 (segundo a anualidade que nos referimos), e que será o resultado das Contas xustificativas parciais de cada Programa o obxecto daquel, que se renderan no prazo establecido nesta base (...)

A aprobación da Conta xustificativa global do Plan Único determinará a aportación definitiva da Deputación a cada concello.

A non presentación en prazo da conta xustificativa global do Plan Único ou das contas xustificativas de cada Plan ou Programa incluído nel, dará lugar á tramitación do procedemento de reintegro total ou parcial da achega provincial.

Os concellos presentan contas xustificativas por cada programa, e incluso por cada actuacións dentro do programa de investimentos, optando así pola alternativa “ou das contas xustificativas de cada plan ou programa”, e non achegan conta xustificativa global. Porén, esta última, non aportaría maiores datos nin xustificación maior, que os que xa están en posesión desta entidade a través das distintas xustificacións por programas ou investimentos presentadas ou que se presenten polos concellos.

Aportar esa conta xustificativa global, parece non achegar unha información distinta da entregada coa conta de cada programa. A información cuantitativa ou cualitativa por cada concello ou da totalidade da Provincia, pode obterse da información xa reportada. O Plan único enmárcase na cooperación da Deputación cos Concellos, de modo que non debe conlevar unha excesiva carga burocrática.

Compre recordar, neste sentido, como o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, na actuación das administracións públicas subliña os seguintes principios (entre outros): “(...) a) servizo efectivo aos cidadáns; b) simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns; (...); e) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional; ... ; h) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados; i) Economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios e dos fins institucionais; j) Eficacia na asignación e utilización de recursos públicos; (...)”

Doutra parte as administracións, no exercicio das súas competencias, en tanto que establezan medidas limitativas ao exercicio dos dereitos, deberán aplicar o principio de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva.

Na disposición adicional quinta das bases, tanto nas respectivas á anualidade 2017 como 2018, prevese: “A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas pola Xunta de Goberno desta Deputación”.

Así as cousas, cabría a interpretación que unha vez presentadas as contas xustificativas de cada programa ou investimento no seu caso, non sería necesario achegar a conta xustificativa global a que se refire a base 20 das bases do plan único de cooperación cos concellos, anualidade de 2017 e 2018.

Tendo en conta o anterior, e en base ao mesmo, por quen subscribe, informase favorablemente a interpretación de que non sexa necesario que os Concellos acheguen a consta xustificativa global, ao non aportar ningún dato a maiores, nin unha xustificación mais ampla da xa presentada polos Concellos ou da que se presente por cada programa ou investimento de ser o caso, coa respectiva conta xustificativa específica.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno se aprobe a seguinte instrución en relación coa interpretación referidas ás bases do Plan Único de cooperación cos concellos 2017 e 2018:

Non sexa necesario que os Concellos acheguen a consta xustificativa global, ao non aportar ningún dato a maiores, nin unha xustificación mais ampla da xa presentada ou da que se presente por cada programa ou investimento coa conta xustificativa específica presentada polo respectivo Concello”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA RENOVACIÓN DAS LICENCIAS DE SOFTWARE ANTIVIRUS PARA EQUIPOS DE POSTOS DE TRABAJO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 21 de marzo de 2019, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración da renovación das licencias de software antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación Provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP, ao conformar o seu obxecto a adquisición de produtos.

Os pregos de condicións, elaborados para disciplinar a licitación e o contrato, recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado sumario, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta en aplicación dos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas). Esta contratación non está suxeita a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, por la que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, nin é susceptible de recurso

especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP).

En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativas e de prezo), reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 1 de marzo do 2019, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente (segundo anuncio publicado con data 15 de febreiro do 2019 no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo-Xunta de Goberno-, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público) que foron as seguintes:

Nº Orde	Licitador	Puntuación Acadada
1	Algoritmos Procesos y Diseños,SA	92,47 puntos
2	ADV Informática, SL	90,00 puntos
3	Sketch System,SL	78,70 puntos

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame sobre “A”, documentación administrativa/ proposta económica e documentación cuantificable de forma automática, resultando que as empresas presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas e seladas, a mesa de contratación acorda admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

[Sobre/Arquivo Electrónico] «A»

Documentación Administrativa, Proposición Económica e Documentación Cuantificable de Forma Automática

Declaración responsable dos licitadores



	ADV Informática, SL	Algoritmos Procesos y Diseños, SA	Sketch System, S.L.
Declaración Responsable	Sí (Rolece)	Sí (Rolece)	Sí (Rolece)

Proposición económica e documentos relativos a oferta, distintos ao prezo, que se cuantifican de forma automática.

	ADV Informática, SL	Algoritmos Procesos y Diseños,SA	Sketch System, S.L.
Oferta Económica (SEN IVE / CON IVE)	15.915,00 (19.257,15)	17.368,48 (21.015,86)	18.200,00 (22.022,00)
Tasa Ampliación Anual de Licencias	5 %	10 %	5 %

Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións (criterios matemáticos e/ou automáticos), obtivéronse os seguintes resultados:

	ADV Informática, SL	Algoritmos Procesos y Diseños,SA	Sketch System, S.L.
Oferta Económica (Sen IVE)	90,00	82,47	78,70
Tasa Ampliación Anual de Licencias	-	10,00	-
Puntuación Total	90,00	92,47	78,70

A cláusula 2 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares establece que o órgano de contratación que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de prescricións técnicas, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O Artigo 59, apartado 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza administrativa de carácter xeral, e queda sen valor legal algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011.

Polo que vai dito, e en base ao establecido nos artigos 159 e 150 da LCSP e na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, proponse que polo Sr. Presidente da Deputación de Lugo se adopte a seguinte Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

Nº Orde	Licitador	Puntuación Acadada
1	Algoritmos Procesos y Diseños,SA	92,47 puntos
2	ADV Informática, SL	90,00 puntos
3	Sketch System, S.L.	78,70 puntos

Comprobada a información que ofrece o Rexistro Oficial de Licitadores do Estado (Rolece) da empresa que obtivo maior ponderación, é preciso requirir á Algoritmos Procesos y Diseños, SA para que, dentro do prazo de sete días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 65 e 73 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Con base no establecido nos artigos 159 e 150 da LCSP e na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, a Presidencia da Deputación de Lugo adoptou, en data 13 de marzo de 2019, a seguinte Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

Nº Orde	Licitador	Puntuación Acadada
1	Algoritmos Procesos y Diseños,SA	92,47 puntos
2	ADV Informática, SL	90,00 puntos
3	Sketch System, S.L.	78,70 puntos

Comprobada a información que ofrece o Rexistro Oficial de Licitadores do Estado (Rolece) da empresa que obtivo maior ponderación, foi preciso requirir á Algoritmos Procesos y Diseños,

SA para que, dentro do prazo de sete días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 65 e 73 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas:

A empresa aportou a documentación requirida o día 18 de marzo de 2019 e 20 de marzo de 2019.

A cláusula 2ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares establece que o órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas, así como á adxudicación do contrato. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 59, apartado 12, do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza administrativa de carácter xeral, e queda sen valor legal algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011. ”.

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.-Adxudicar á empresa Algoritmos Procesos y Diseños, SA, a contratación do Subministro da renovación das licencias de software antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese á prestación do obxecto do contrato con un prazo de execución de dous anos e por un importe de 17.368,48 €, aos que se engadirán 3.647,38 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 21.015,86 €.

A empresa adxudicataria comprométese a incrementar a taxa de ampliación anual de licenzas en un 10 %.

3º.- Determinar que o prezo contractual financiarase das cantidades financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias e as anualidades seguintes:

Anualidade	Aplicación	Importe
2019	9200.22706	10.507,93 euros
2020	9200.22706	10.507,93 euros
Suma		21.015,86 euros

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade correspondente na aplicación indicada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- Entregar a subministración no prazo máximo de 10 días, desde que se acuse a petición.

- A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervén nesta contratación. Terá a obriga de acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar declaración responsable, de cumprir con todas e cada unha destas obrigas (nos termos do art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro). A Administración resérvase a facultade de solicitar os TC2 e as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. A comprobación do exposto corresponde ao responsable do contrato asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento. Este trámite efectuarase ao tempo de emitir o informe previsto na cláusula 29 deste PCAP.

- Remitir ao Órgano de Contratación e ao responsable do contrato, no prazo máximo de 10 días contados a partir do seguinte á sinatura da acta de inicio, a cadea de mando da empresa e o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

- Cumprir coas melloras ofrecidas, en canto ao aumento da tasa anual de ampliación de licenzas, ao establecerse como criterio de adxudicación na cláusula 12ª deste PCAP.

5º. O contrato terá unha duración máxima de 2 Anos, prorrogable por outro mais, contados dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

6º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS, PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL DE REPROGRAFÍA CON DESTINO A ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de papel de reprografía con destino á Deputación Provincial de Lugo. O obxecto

do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a. Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP, ao conformar o seu obxecto a adquisición de produtos.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctanse, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas, suxeitos a fórmulas matemáticas e con apreciación automática.

O contrato non está suxeito a regulación harmonizada, dado o seu importe, segundo o estipulado no artigo 22 da LCSP; tampouco é susceptible de recurso especial en materia de contratación, consonte co previsto no artigo 44 da propia LCSP.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, xustifícase a non división por lotes porque, tal e como se detalla no Informe da Unidade de Vixilancia e Portería de data 20 de marzo de 2019, incorporado ao expediente:

“(…)

Exige tomar en consideración distintos aspectos beneficiosos a los efectos de valorar la tramitación de la contratación del suministro de papel de forma conjunta, como son, principalmente:

El aprovechamiento de las economías de escala que posibilita el hecho de que todas las prestaciones se integren en un único contrato sin división en lotes.

Todo ello sin olvidar que el artículo 1 del LCSP sanciona también, como principios básicos y rectores de la contratación del sector público, la libertad de acceso a las licitaciones, la no discriminación e igualdad de trato y, en fin, la salvaguarda de la libre competencia, todos los cuales deben ser objeto de necesaria ponderación conjunta, y conseguir mantener un adecuado equilibrio entre los principios de eficacia y eficiencia de la contratación pública del art.28, de una parte, y los de libertad de acceso a las licitaciones, no discriminación y salvaguarda de la competencia, de otra parte.

Informe 57/2009, de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa.

Dice literalmente que: ‘Como se puede apreciar, de conformidad con el criterio de la Junta es necesario distinguir entre las prestaciones que se configuran como unidades por su propia naturaleza respecto de las cuales sólo cabe el fraccionamiento cuando se cumplan los requisitos estrictos del artículo 74, y aquéllas otras que tienen su propia individualidad y que por razones de índole práctica se pueden agrupar para su adjudicación en un solo contrato, pero que admiten, sin

menoscabo alguno, su consideración por separado, de tal forma que la ejecución de cualquiera de ellas no está condicionada por la ejecución de ninguna de las demás ni individual ni conjuntamente consideradas’.

De tal manera que, en el caso que nos ocupa, aunque los suministros pudieran ser planteados en lotes independientes, se aprecia que concurre un componente práctico, y económico para aprovechar las economías de escala que justifican su agrupación.

Resolución 188/2011 del tribunal administrativo central de recursos contractuales.

“De esta manera, la integración de todas las prestaciones de servicios recogidos en el contrato, tiene también sentido para incrementar su eficacia, la eficiencia en la ejecución de las prestaciones y a su vez, aprovechar las economías de escala que posibilita dicha integración, en línea con el artículo 1 de la Ley de Contratos del Sector Público, constituyendo las diversas prestaciones que forman parte del objeto, materia de la mismaturaleza...”

El irrelevante peso económico del papel DIN A3 en la licitación.

El hecho evidente de que si se dividiese en lotes, el lote asignado al papel DIN A3 sería por un importe menor e irrelevante respecto del lote de papel DIN A4, por lo que habría un riesgo grande de que quedase desierto ese lote, ya que entendemos que gran parte de las empresas no valorarían tomar parte en este procedimiento por el escaso peso económico de dicho lote y el trámite procedimental que conlleva una procedimiento abierto de licitación.”

As obligas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Informe certificación da intervención xeral, de data 20 de marzo de 2019, financiaranse con cargo ás seguintes anualidades:

Anualidade	Aplicación	Importe
2019	9200.22000	14.973,75
2020	9200.22000	29.947,50
2021	9200.22000	14.973,75
		59.895,00

Existe Informe, do Xefe da Unidade de Vixilancia e Portería, no que se recolle a valoración da subministración a contratar e a adecuación aos prezos actuais de mercado.

O prezo do contrato determinarase por prezos unitarios (euros/caixa de 500 follas), fixando un máximo de: 18,15 euros para a caixa de papel DIN A4 e de 54,45 euros para a caixa de papel DIN A3 (IVE incluído).

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe do Xefe da Unidade de Vixilancia e Portería, que forma parte do expediente.

A duración do contrato será de dous anos, prorrogable por un ano, a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación da subministración. Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que

a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de papel de reprografía con destino á Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 59.895,00 euros, incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%, 10.395,00 euros, que se engade aos 49.500,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, co seguinte reparto por anualidades:

Anualidade	Aplicación	Importe
2019	9200.22000	14.973,75
2020	9200.22000	29.947,50
2021	9200.22000	14.973,75
		59.895,00

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no art.174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 e 2021 as cantidades indicadas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS, PROTOCOLOS, E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta para aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na “Promoción e difusión da vía rexia do norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio Interadministrativo de referencia:

“Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Meira.

Don Antonio de Dios Álvarez, Alcalde do Concello de Meira achega escrito de solicitude de relación interadministrativa de cooperación (público- público), de data 27 de febreiro de 2019, ao que acompaña declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social. Con esta solicitude aporta memoria explicativa para a realización conxunta polo Concello de Meira e a Deputación de Lugo, das actuacións consistentes na: “promoción e difusión da Via Rexia do norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela”. Acompaña acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2019, sobre a contratación dos servizos- preparación, sinalización e posta en valor do percorrido da Vía Rexia do Norte e delimitación do trazado orixinal.

Incorpórase ao expediente o convenio asinado entre distintos concellos, xunto cunha descrición das actuacións a desenvolver.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o concello de Meira e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns do promoción e difusión da Via Rexia do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar as seguintes prestacións:

Actuacións	Custo Estimado
Preparación, Sinalización e Posta en Valor do Percorrido da Vía Rexia do Norte	14.520,00
Delimitación da Traza Orixinal do Camiño de Peregrinación	18.150,00
Total Orzamento	32.670,00

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:

Anualidades	Achega Deputación	Achega do Concello de Meira
Ano 2019	12.000,00	2.520,00
Ano 2020	3.000,00	15.150,00
Total	15.000,00	17.670,00

O concello de Meira financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguidos, para a súa correcta execución. Neste sentido faise constar, segundo se detalla na documentación aportada que o Concello de Meira ten encomendadas, polos outros concellos (A Pontenova, Riotorto, Pastoriza e Castro de Rei), que asinaron o convenio de colaboración en data 22 de marzo de 2017, encomendándolle a contratación, en nome doutros concellos das tarefas de preparación, sinalización e posta en valor do percorrido da Via Rexia do Norte, así como delimitación do trazado orixinal do Camiño de peregrinación.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, precisa a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

e) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbeis, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

g) Réxime de modificación do convenio.

h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os

problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural, mellorando a calidade de vida das persoas que viven no rural; dotar ao medio rural e, en particular, aos núcleos de poboación, das infraestruturas e equipamentos públicos básicos necesarios.

Esta relación interadministrativa de carácter cooperativo, formalizado vía convenio, encarna unha acción colaborativa-relacional destinado a promoción da cultura e turismo na provincia de Lugo, coa preparación, sinalización e posta en valor do percorrido da Vía Rexia do Norte, así como a delimitación da traza orixinal dese camiño de peregrinación (...).

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

Ademais, os artigos 5 e 6 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia recollen as competencias turísticas dos municipios e das entidades locais supramunicipais, que precisan.

E nos artigos 2 e 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia recóllense as competencias que lle corresponden en materia de patrimonio cultural á Comunidade Autónoma e as entidades locais.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A Deputación, segundo o establecido no convenio, prevese que coopere co Concello de Meira na achega de financiamento para a posta en funcionamento do complexo deportivo de Meira, co que se impulsa a promoción do deporte desta zona da Ulloa, e de forma indirecta, da provincia en xeral.

Ambas partes deben dar cumprimento as obrigas de facer e de dar (achegas) estipuladas no convenio interadministrativo de cooperación.

Anualidades	Achega Deputación	Achega do Concello de Meira
Ano 2019	12.000,00	2.520,00
Ano 2020	3.000,00	15.150,00
Total	15.000,00	17.670,00

Concello de Meira: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente. O Concello de Meira actúa por conta de outros concellos: A Pontenova, Riotorto, Pastoriza e Castro de Rei.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando a mobilidade da poboación e dos sectores económicos, xunto coa calidade urbana e medio ambiental.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

O concello de Meira será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación (promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela), como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP; se ben actuando por conta destes outros concellos A Pontenova, Riotorto, Pastoriza e Castro de Rei, de conformidade con convenio de colaboración asinado o 22 de marzo de 2017.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo paragrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o

Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores ademais do seu carácter plurianual (art. 59.8 ROD). O indicado consonte ao precisado na circular de Secretaría Xeral do 2 de novembro de 2018, respecto da aplicación do citado regulamento.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Presidencia se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, cun orzamento total de 32.670,00 €; a achega da Deputación ascende a contía 15.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 15.000,00€ con cargo as aplicacións orzamentarias 9430.76255 por 12.000,00 € do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019, e o importe restante 3.000,00€ na aplicación 9420.76200 (queda supeditada a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, adquirindo o compromiso de engadir no orzamento do ano 2020 a citada contía”.

A Xunta de Goberno, por maioría, co voto en contra do Sr. Deputado D. Lino Rodríguez

Ónega, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Convenio interadministrativo de Cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Viveiro para a execución de fins comúns consistentes en: “Cooperación na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no Cemiterio Municipal”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, coa finalidade común de colaborar na colaboración na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no cemiterio municipal que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro.

D^a María Loureiro García, Alcaldesa do Concello de Viveiro achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 26 de febreiro de 2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memoria en relación coa xustificación da necesidade da redacción do proxecto de execución para a realización conxunta entre o Concello de Viveiro e a Deputación de Lugo, das actuacións de: Cooperación na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no Cemiterio Municipal, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente.

O Concello, segundo manifesta a súa Alcaldía, asume o compromiso de adquisición dos terreos precisos para a execución das obras, cifradas.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Cooperación na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no Cemiterio Municipal. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

Investimento:	Achega Deputación	Achega Concello
Cooperación na Redacción do Proxecto Técnico das Obras de Urxente Necesidade no Cemiterio Municipal	16.940,00€	0,00€
Total	16.940,00€	

Non obstante, este convenio poderá ser modificado a través da súa correspondente addenda, unha vez se dispoña do proxecto da obra que se pretende executar, actualizando e adecuando nese intre as aportacións a realizar, de existir crédito adecuado e suficiente para esa finalidade.

As obras de urxente actuación, no cemiterio, consisten, segundo o informe xustificativo da necesidade, na reparación das deficiencias estruturais detectadas nos muros perimetrais do cemiterio municipal de Altamira, situado na rúa Antonio Bas, en Viveiro.

A Deputación desenvolverá as funcións de órgano de Contratación.

O Concello de Viveiro aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza segundo a natureza e destino dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

O Concello, segundo manifesta a súa Alcaldía, asume o compromiso de adquisición dos terreos precisos para a execución das obras, cifradas na contía de 6.465,36€.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

f) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

(...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

- i) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- j) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
- k) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
- l) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.
- m) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
- n) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- o) Réxime de modificación do convenio.
- p) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997”-LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio

administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de mellora do cemiterio municipal.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio

provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

(...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Viveiro é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); k) cemiterios e actividades funerarias; (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, cemiterio, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; (...)”

No mesmo senso pódese citar respectivamente os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración xeral da Galicia.

O Decreto 151/2014, do 20 de novembro, regula a sanidade mortuoria de Galicia ao abeiro do artigo 33.1 do EAG. O artigo 24 di que cada Concello, independentemente ou con outras entidades locais, disporá de un cemiterio con capacidade adecuada ás características da súa poboación.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Segundo o establecido no convenio, prevese que sexa a Deputación de Lugo o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, respectarase a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para o investimento, sendo responsabilidade do Concello de Viveiro tanto a obtención de autorizacións e licencias así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia;

e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Viveiro, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

Anualidade	Deputación Provincial de Lugo	Concello de Viveiro
2019	16.940,00€	0,00€

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de Viveiro, unha vez entregada a obra, será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que

se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Colaboración na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no Cemiterio Municipal, cun orzamento total de 16.940,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 16.940,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Protocolo xeral de actuación para impulsar a construción dun centro de atención a persoas maiores no municipio de Cervantes.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O Concello de Cervantes manifesta en escrito de 18 de febreiro de 2018 a vontade de que se proceda a redacción e formalización dun convenio de colaboración para a construción dunha residencia da terceira idade e centro de día no devandito Concello.

A utilización deste documento de protocolo xeral (documento de intencións), conta con precedentes, xa utilizados con outros concellos, en relación coa construción, remate e apertura ao público dos centros de atención a maiores: Becerreá e Guitiriz para a construción; Pol, Trabada, Ribadeo, Fonsagrada, Pedrafita e Ribas de Sil para a posta en funcionamento.

O documento analizado detalla os fins comúns perseguidos, con fundamento na lexislación de réxime local, sobre réxime xurídico do sector público e de servizos sociais. Sublíñanse as competencias municipais en servizos sociais comunitarios específicos por parte do Concello, as competencias da Deputación Provincial en cooperación aos municipios do seu territorio e o reforzamento das relacións interadministrativas en materia, a través do deber de colaboración e das técnicas de cooperación.

O mesmo documento recolle igualmente a vontade común de impulsar un sistema de coordinación e cooperación interadministrativa, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais: singularmente co Concello de Cervantes, para fornecer a construción do centro de atención a persoas maiores, coa maior brevidade posible.

O protocolo concreta a súa vixencia e define a súa natureza xurídica.

Fins comúns das partes:

O Parlamento de Galicia, en execución das competencias que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúen a Comunidade Autónoma Galega, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar.

A Lei galega entende por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se citan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4 LSSG, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

A Deputación de Lugo e Concello de Cervantes que participan neste protocolo xeral, manifestan expresamente a firme convicción de prestar os servizos públicos de atención directa a través de programas pertencentes aos servizos sociais comunitarios específicos nos centros de atención a persoas maiores, concretamente o de carácter residencial, promovido e cofinanciado dende estas entidades locais, actuando como servizos de proximidade, no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e a calidade de vida; e, como efecto derivado a dinamización, socialmente sostible da actividade económica local. Resulta condición necesaria para acadar eses obxectivos a construción dese centro de atención a persoas maiores.

A Deputación Provincial de Lugo en colaboración co Concello de Cervantes proponse acometer un ambicioso proxecto de construción dun centro de atención a persoas maiores.

Existe unha necesidade real e efectiva desta dotación social: o proceso de envellecemento da poboación comporta un importante reto para a nosa sociedade, sendo na actualidade non só un reto de futuro senón do presente. Con todo, en oposición ao temor xeneralizado de que o envellecemento provocará a desestabilización do Estado de Benestar, débese converter unha oportunidade. Non se pode esquecer que o alongamento da vida é un logro das sociedades desenvolvidas e como tal debe exporse. Os cambios demográficos que se están producindo na sociedade en xeral e a lucense en particular requiren unha revisión das formulacións vixentes sociais, económicas e políticas.

A exclusión social é un dos problemas que afecta ao grupo de persoas mais envellecidas. Variables que aumentan a posibilidade de exclusión veñen determinadas por factores como son, por exemplo, a idade, o sexo ou as características persoais ou sanitarias. Neste senso, a poboación mais

envellecida convértese nun grupo con alto risco de padecer exclusión social. A inequidade que sofre a poboación de 65 e máis anos maniféstase primordialmente polas desigualdades derivadas da distribución dos ingresos e do acceso aos recursos, acceso que está mais limitado e restrinxido nas áreas rurais de alta e elevada dispersión.

Unha variable clave na determinación da situación de risco de exclusión social é a estrutura do fogar. Os fogares unipersonais formados por persoas de 65 e máis anos, xunto cos monoparentais encabezados por mulleres, son os que maior risco de padecer exclusión social teñen, variables que se acentúan nas zonas rurais de alta e elevada dispersión poboacional.

Así as especiais necesidades das persoas maiores que padecen algún tipo de limitación non só física senón tamén socioeconómica fan que, en moitas ocasións, a permanencia no seu domicilio familiar cunha calidade de atención óptima non sexa factible. É por iso polo que é necesario habilitar equipamentos destinados a paliar estes déficits a través de apoios puntuais, continuos e/ou permanentes das persoas maiores que os poidan precisar .

O Instituto de Maiores e Servizos Sociais, IMSERSO, co obxectivo de recoller nun único texto as liñas de actuación que orienten as políticas públicas, presentes e futuras, cara ás persoas maiores e dirixidas a promover o envellecemento activo e a solidariedade entre xeracións, etc., recolleu no ano 2015 nun único documento o Marco de actuación para as Persoas Maiores. Entre as súas medidas e propostas recollese: a necesidade de aumentar os recursos destinados aos cuidadores de persoas maiores con e sen discapacidade, mediante a creación de dispositivos, programas de respiro familiar ou centros especializados, sinalando que os servizos ou unidades de xeriatría son moi escasos no noso país e de aí a necesidade de fomentar o desenvolvemento de recursos asistenciais específicos; procurar que a atención de xeriatría inclúase como medida no catálogo de prestacións asistenciais ofertadas polas comunidades autónomas e que non teña só unha presenza testemuñal; así mesmo, no documento maniféstase a necesidade de promocionar fórmulas e opcións non residencias e residenciais diversificadas, que faciliten que as persoas maiores poidan envellecer na contorna onde viviron e impulsar a creación de centros de día e residencias para persoas maiores, non masificadas, con formas de convivencia flexible. Neste escenario, faise necesario, en consecuencia, habilitar un centro Residencial para a Terceira Idade, onde as persoas maiores que poidan precisar deste servizo, teñan acceso ao mesmo.

A administración local luguesa salienta, entre os principios xerais do sistema galego de servizos sociais, a equidade e o equilibrio territorial, de modo que no desenvolvemento da rede de centros de atención a persoas maiores e servizos que neles se presten se compensen e removan os desequilibrios e debilidades xeográficas; garántese o acceso ao sistema das galegas e galegos que residan en áreas sociais con altas taxas de envellecemento e dispersión, mediante unha oferta equitativa e equilibrada de servizos en todo o territorio; valorízase a descentralización e proximidade de maneira que as atencións e os controis, dentro da dispoñibilidade de recursos, se leven a cabo de modo preferente polos órganos administrativos máis próximos á cidadanía (os municipais e os provincias) e que mellor coñecen a realidade da súa poboación.

A materialización destes obxectivos resulta se cabe, mais necesaria nun territorio como o municipio da montaña luguesa e de complicada orografía.

A Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, persegue a mellora da situación socioeconómica da poboación das zonas rurais e o acceso a uns servizos públicos suficientes e de calidade, establecendo o artigo 2.b) como un dos obxectos da norma “manter e mellorar o nivel de poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos adecuados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión.”, en relación co mesmo, o artigo 32 estipula “Co obxecto de mellorar a protección social dos cidadáns que residen no medio rural, o Programa poderá conter medidas que teñan como obxecto: a) Facer efectivo o acceso ás prestacións e servizos sociais en condicións de equidade, en particular aos beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, de acordo coas condicións particulares do medio rural.”

Esta mesma Lei define o medio rural como espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores, definido polas administracións competentes que teñan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior a 100 habitantes por km², polo que o municipio de Cervantes , onde se leva a cabo o investimento entraría dentro desta definición.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2 letra e).

Esta determinación competencial das Entidades locais, efectuada pola lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Pois ben, neste senso a Comunidade Autónoma de Galicia, en execución das súas competencias estatutarias, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia (en adiante LSSG), que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar, cuxo artigo 60 establece como competencias dos concellos, entre outras, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da mesma, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal.

Por outra banda, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da LSSG, referente as actividades municipais complementarias doutras administracións públicas.

Estas competencias cualifícanse como propias dos concellos, atribuídas pola lexislación autonómica, consonte ao establecido no artigo 64 bis da lei galega de servizos sociais que a súa vez promove a colaboración interadministrativa. Determinación normativa coherente co Artigo 28, 30 e concordantes do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no Art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118.letra e) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, a realización de obras en todo o territorio provincial. E, por último, o artigo 30.6 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRLRL) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a dos “convenios” de execución de obras e instalación de servizos.

O art. 36.1 LRBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:

A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b).

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (art. 36.1 d).

A LALGA , regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica,

económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”.

En aplicación do Artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden”.

Os artigos 114 e 115 da LALGA regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 63 da LSSG en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes; e ademais, a Xunta de Galicia (art. 64 LSSG) promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos; esta cooperación interadministrativa resulta reforzada polo artigo 64.bis, introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, que á súa vez reforza o carácter de competencia propia dos concellos en canto aos servizos comunitarios.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso mellorar os servizos públicos de carácter social (centro de atención a maiores e residencia), cuxa prestación se localiza en distintos municipios da Provincia de Lugo.

O propio artigo 57.3 da LRBRL dá prevalencia a subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa

acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Fins comúns das partes

Impulsar a coordinación e cooperación interadministrativa, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais: singularmente co Concello de Cervantes, para así satisfacer as necesidades sociais existentes coa maior celeridade posible.

Dar resposta as necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.

Minorar os custos derivados da actuación illada.

Garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade, fornecendo criterios de acceso homoxéneos por razóns de situación biopsicosocial e por razóns de proximidade ao recurso, nomeadamente priorizando a residencia no municipio e na bisbarra correspondente.

Axilizar a tramitación das licencias e autorizacións que sexan necesarias para dotarse do centro de atención a persoas maiores.

Impulsar a tramitación das operacións de xestión patrimonial necesarias para dispoñer do inmovible no que executar o centro de atención a persoas maiores, dentro dese prazo estimado de tres meses.

Dar celeridade aos trámites necesarios para a cofinanciación da construción do centro de atención a maiores, de xeito similar ao marco financeiro que se ven aplicando noutros centros residenciais, como os de A Pontenova, Pobra do Brollón, Folgoso do Courel, Portomarín, con unha aportación municipal estimada de 200.000€ repartidas en 4 anualidades (2019-2020-2021-2022), xunto coa dispoñibilidade dos terreos.

Fixar como prazo estimado para licitar as obras o de 3 meses, dende a sinatura do convenio de cooperación.

Elaborar un convenio de cooperación para someter á aprobación dos órganos competentes de cada administración, que se asinaría, como data orientativa no mes de abril do 2019 (aproximadamente). Este convenio fixará, co contido que marca a LRXSP para os convenios interadministrativos, a competencia do Concello de Cervantes e da Deputación (cooperación) para a construción dun centro de atención a persoas maiores, as obrigas asumidas por cada parte, o sistema de financiamento coa determinación das respectivas aportacións; o obxecto e fins; a duración do convenio; a súa posible modificación; a extinción e efectos, xunto ao seu réxime xurídico.

Reclamar a colaboración da Xunta de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 64 bis da Lei de servizos sociais de Galicia.

Vixencia e natureza xurídica deste protocolo xeral.

O presente protocolo terá vixencia dende a data da súa formalización ata a celebración co Concello de Cervantes do respectivo convenio de cooperación para a construción dun centro de atención a persoas maiores.

No suposto de que durante a vixencia deste protocolo cambiasen as condicións contempladas neste, as partes de mutuo acordo, subscribirán a correspondente addenda.

A natureza xurídica deste documento é a de un protocolo xeral de actuación que expresa a vontade da Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes no fin e obxectivo común de redactar un Convenio de cooperación administrativa para levar a cabo a financiación da construción do centro de atención a persoas maiores como un equipamento propio dos servizos sociais comunitarios específicos.

Ao presente protocolo aplícaselle o Réxime Xurídico previsto no Art. 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, para os Protocolos Xerais de Actuación.

Por canto vai dito, propoño:

1º.- Aprobar o texto do Protocolo Xeral de actuación a celebrar entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para impulsar a construción dun centro de atención a persoas maiores no municipio de Cervantes (Lugo).

2º.- Convocar para a súa sinatura ao Alcalde do Concello de Cervantes”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “OBRADOIRO DECORACIÓN DE TEAS PARA A CONFECCIÓN REGALO ARTESÁN CON XABÓNS E OUTROS PRODUTOS CASEIROS” A EXECUTAR POLA ENTIDADE AS BULIDOIRAS, DENTRO DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO, DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2018 POR PARTE DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con data de rexistro de entrada 9 de xaneiro de 2019 e rexistro de entrada, recibíuse nesta Deputación de Lugo a través da súa sede electrónica, escrito da Asociación de Mulleres “As Bulidoiras” relativo á solicitude de prórroga para a execución da actuación así como a compatibilidade da carta artesá da actividade “Obradoiro de Decoración de Teas para confección de regalo artesán , con xabóns e outros produtos caseiros”.

“Visto o Informe do Centrad no que di “Por todo o anteriormente exposto, a xuízo deste informante non procedería a concesión da ampliación do prazo de execución da citada actividade, debido a que por unha parte estamos falando dun prazo xa vencido contraponéndose ao establecido

no artigo 32.3 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, e por outra parte non parece oportuno que puidese realizar a actividade solicitada pola asociación un artesán/á que non tivese a carta de artesá no epígrafe correspondente para a realización desa actividade concreta, xa que poderíamos estar falando dunha modificación do obxecto da subvención solicitada.”

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento:

Propoño que pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude de prórroga presentada pola Asociación As Bulidoiras , data de rexistro 09/01/2019, sobre solicitude de prórroga para a execución da actuación e para a súa xustificación da actividade “Obradoiro de Recuperación de Teas para Confección de Regalo Artesán, con Xabóns e Outros Produtos Caseiros”, por non se axustar as circunstancias previstas nas Bases que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións dirixidas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da Provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía (anualidade 2018) (BOP número 085 de 14 de abril de 2018).

2º.- Desestimar a petición de modificación de carta artesá ao abeiro da Orde do 12 de Abril de 2017 pola cal se revisa a relación de actividades artesás recollidas no Anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 79, do 25 de abril de 2017) ou no seu caso na normativa que a derroque e/ou a substitúa.

3º.- Notificar o presente acordo á parte interesada facéndolle saber que de acordo co artigo 32 da lei 39/2015, 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, no seu parágrafo 3, que os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Vistos os Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial; vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

Obra: Actuaciones de rehabilitación de firme, señalización y drenaje LU-P-0706 “Guilfrei (LU-P-6201A)- Meizarán- Lamas (LU-637)”, P.K. 7+000 al 8+250, LU-P-6201 “Triacastela (LU-633)- Alto da Albela- Guilfrei (LU-631)”, P.K. 2+230 al 2+830 y 5+000 al 5+040 y LU-P-6202 “Santalla (LU-P-6201)- Santa María do Monte”, P.K. 0+000 al 0+160 y 1+560 al 1+692. TRIACASTELA.

Contratista: Aglomerados y Construcciones Valdeorras, S.A.

Obra: Acondicionamiento LU-P-5903 “Sober-Doade (LU-903)”, P.K. 2+350 al 2+750 y 10+720 al 12+000 y LU-P-3201 “Monforte-Sober”, P.K. 3+320 al 4+100 y 5+700 al 6+500. SOBER.

Contratista: Aglomerados y Construcciones Valdeorras, S.A.

14.- RECTIFICACIÓN DE ERROS NA PROPOSTA DA PRESIDENCIA APROBADA POLA XUNTA DE GOBERNO DE 8 DE MARZO DE 2019, SOBRE INADMISIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Proposta de Presidencia de data 7 de marzo de 2019, para aprobar a inadmisión do recurso de reposición interposto por Don Manuel Martínez Núñez actuando, segundo manifesta, en calidade de presidente de SUPLUSA, contra acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 23 de novembro de 2018, relativo á contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención a maiores de Trabada e Ribadeo.

Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria desenvolvida o día 8 de marzo do 2019, polo que se aproba a proposta antedita.

Consideracións xurídicas

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria desenvolvida o día 8 de marzo do 2019, acordou aprobar inadmisión do recurso de reposición interposto por Don Manuel Martínez Núñez actuando, segundo manifesta, en calidade de presidente de SUPLUSA, contra acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 23 de novembro de 2018, relativo á contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención a maiores de Trabada e Ribadeo.

O Servizo de Contratación e Fomento, de oficio, detectou os erros materiais seguintes:

No Informe do servizo de contratación e fomento. Antecedente. I. Sobre o recurso de reposición. Onde di:

“Don Manuel Martínez Núñez, presenta no Rexistro Xeral de entrada da Deputación Provincial de Lugo o día 4 de xaneiro de 2018 (...)”.

Debe dicir:

“Don Manuel Martínez Núñez, presenta no Rexistro Xeral de entrada da Deputación Provincial de Lugo o día 4 de xaneiro de 2019 (...)”.

Na Consideración xurídico-administrativa II. Verbo da improcedencia do recurso de reposición.

Onde di:

“A determinación do artigo 44 da LCSP, resulta coherente co establecido xenéricamente no artigo 1112.2 da Lei 59/2015, do 1 de outubro (...)”

Debe dicir:

“A determinación do artigo 44 da LCSP, resulta coherente co establecido xenéricamente no artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (...)”

Estes erros de transcripción resultan ostensibles da propia documentación incorporada ao expediente administrativo, sen necesidade de efectuar ningún xuízo de valor. No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenza 218/1999, do 29 de novembro) e do Tribunal

Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 6092/2005), que afirma o seguinte:

“Los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones. Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa.”

Por canto antecede, propónse a xuízo do que asina, que pola Xunta de Goberno se acorde a rectificación dos erros materiais detectados na Proposta de Presidencia de data 7 de marzo de 2019, de inadmisión do recurso de reposición interposto por Don Manuel Martínez Núñez actuando, segundo manifesta, en calidade de presidente de SUPLUSA, contra acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 23 de novembro de 2018, relativo á contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención a maiores de Trabada e Ribadeo.

No Informe do servizo de contratación e fomento. Antecedente. I. Sobre o recurso de reposición. Onde di:

“Don Manuel Martínez Núñez, presenta no Rexistro Xeral de entrada da Deputación Provincial de Lugo o día 4 de xaneiro de 2018 (...)”.

Debe dicir:

“Don Manuel Martínez Núñez, presenta no Rexistro Xeral de entrada da Deputación Provincial de Lugo o día 4 de xaneiro de 2019 (...)”.

Na Consideración xurídico-administrativa II. Verbo da improcedencia do recurso de reposición.

Onde di:

“A determinación do artigo 44 da LCSP, resulta coherente co establecido xenéricamente no artigo 1112.2 da Lei 59/2015, do 1 de outubro (...)”

Debe dicir:

“A determinación do artigo 44 da LCSP, resulta coherente co establecido xenéricamente no artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (...)”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta do auto nº 12/2019 de data 1 de febreiro de 2019, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Peza de Medidas Cautelarísimas nº 45/2019 0001 seguido a instancia de D. Manuel Martínez Núñez, fronte a esta Entidade, no que se acorda denegar a medida cautelar solicitada. A Xunta de Goberno queda enterada.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Corrección de erro na acta da Xunta de Goberno de 8 de marzo de 2019, nos asuntos referidos ás: “14.- Proposta de autorización de compatibilidade, se procede, dunha profesora do Servizo de Audiovisuais” e “15.- Proposta de

autorización de compatibilidade, se procede, dunha auxiliar administrativa do Servizo de Audiovisuais”.

“Detectado erro material na acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 8 de marzo de 2019 debido a un cambio na transcripción nas propostas remitidas polo Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, que se corresponden co asunto denominado “14.- Proposta de autorización de compatibilidade, se procede, dunha profesora do Servizo de Audiovisuais”, en lugar de “15.- Proposta de autorización de compatibilidade, se procede, dunha auxiliar administrativa do Servizo de Audiovisuais”; de conformidade ao artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda rectificar o citado erro quedando redactado do seguinte xeito:

“14.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE, SE PROCEDE, DUNHA PROFESORA DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Visto que mediante escrito de 3 de xaneiro de 2019, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo o mesmo día, Dona Reyes Costas Manzanares formula solicitude de autorización de compatibilidade xa que, estando de alta no Censo de Actividades Económicas no grupo ou epígrafe 731 correspondente á actividade de avogados, vai continuar prestando servizos, logo da integración, por subrogación, do persoal da fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo, como profesora da Escola de Imaxe e Son, dependente da Entidade Provincial dende o 1 de xaneiro de 2019, a tempo parcial (coeficiente de parcialidade do 50%).

En relación á dita solicitude, compre sinalar:

Antecedentes

Dos antecedentes que constan na Unidade de Admón. de RR.HH. despréndese que Dona Reyes Costas Manzanares forma parte do cadro de persoal fixo, iniciando o seu vínculo de servizo directo á Deputación Provincial de Lugo, con efectividade do 1 de xaneiro de 2019, como consecuencia dos acordos sobre sucesión de actividade desta Entidade e subrogación do persoal, adoptados por acordo plenario de 27 de novembro de 2018 e nas condicións que no dito acordo se sinalan.

Consideracións legais e técnicas

Normativa de aplicación

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da Lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local.

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión da compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico

non supere o 30 % da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; e a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas.

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia.

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas

as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.

Dado que a actividade como empregada da Deputación é a tempo parcial e se presta de acordo co calendario docente que establece a inicio do curso escolar, debe garantirse pola solicitante que o exercicio da actividade privada non vai interferir no normal cumprimento das obrigas docentes ás que se obriga na súa relación de servizo coa Deputación Provincial de Lugo.

Tampouco se modificará por esa razón o horario do empregado.

Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

O recoñecemento de compatibilidade (...) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:

O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.

Limitacións retributivas

O artigo 16 da mencionada norma establece:

Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 30.09.2006) establece:

Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade.

A solicitante da autorización de compatibilidade percibe as súas retribucións conforme ao previsto no Convenio Colectivo nacional de centros de ensinanza privada de réxime xeral ou ensino regulado sen ningún nivel de concertación (Código 99001925011986), por ser o que regulaba as súas condicións antes da integración do persoal da Fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo.

Analizado o texto do referido convenio e, concretamente, a súa estrutura retributiva, non existe ningún concepto asimilable ao complemento específico que se aplica ao persoal das Entidades Locais, conforme ao previsto no Real decreto 861/1986, de 25 de abril; que afecta tamén ao persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, por establecelo así o Convenio Colectivo Único regulador das condicións de traballo do persoal laboral da Entidade Provincial; polo que non existe nas súas retribucións actuais ningún concepto que integre a compensación de factores como a dedicación ou a incompatibilidade co desempeño doutras actividades profesionais.

Polo tanto, non procede aplicar ningunha redución retributiva, nos termos do establecido no artigo 16 da lei 53/1984, analizado, canto menos mentres non se produza unha total homologación da estrutura retributiva deste persoal coa do resto do persoal laboral da Entidade, en cuxo caso si sería aplicable a norma no sentido de que a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de autorización de compatibilidade acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma

A solicitude do interesado debe ter a conformidade do Servizo a efectos de asegurar que non interfere na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.

Como consecuencia do sinalado, vistos os informes dos servizos, procede a adopción de acordo pola Xunta de Goberno, concedendo a Dona Reyes Costas Manzanares a autorización de compatibilidade para poder estar dada de alta como Avogada, actividade que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos na Escola de Imaxe e Son, sen que se modifique por esa razón o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos si se produce cambio de posto de traballo.

O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Réxime Disciplinario) do Real

Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 1 de xaneiro de 2019, data na que Dona Reyes Costas Manzanares, empeza a prestar servizos directos na Deputación Provincial de Lugo, logo da integración do persoal da Fundación TIC”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

“15.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE, SE PROCEDE, DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Visto que mediante escrito de 6 de xaneiro de 2019, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo o mesmo día, Dona Laura Fernández Garrido formula solicitude de autorización de compatibilidade xa que, estando contratada laboral, a tempo parcial (5 horas semanais, en xornada de tarde), como hixienista dental, na clínica dental O Pacio, CB, de Castro de Rei, de cuxo contrato achega copia coa solicitude, vai continuar prestando servizos, logo da integración, por subrogación, do persoal da fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo, como auxiliar administrativo, dependente da Entidade Provincial dende o 1 de xaneiro de 2019, a xornada completa.

En relación á dita solicitude, compre sinalar:

Antecedentes

Dos antecedentes que constan na Unidade de Admón. de RR.HH. despréndese que Dona Laura Fernández Garrido forma parte do cadro de persoal fixo, iniciando o seu vínculo de servizo

directo á Deputación Provincial de Lugo, con efectividade do 1 de xaneiro de 2019, como consecuencia dos acordos sobre sucesión de actividade desta Entidade e subrogación do persoal, adoptados por acordo plenario de 27 de novembro de 2018 e nas condicións que no dito acordo se sinalan.

Consideracións legais e técnicas

Normativa de aplicación

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da Lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local.

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión da compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30 % da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; e a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas.

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia.

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de

entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.

A solicitante debe garantir que o exercicio da actividade privada non vai interferir no normal cumprimento das obrigas as que se ve condicionada na súa relación do servizo coa Deputación Provincial de Lugo.

Tampouco se modificará por esa razón o horario do empregado.

Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

O recoñecemento de compatibilidade (...) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:

O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.

Limitacións retributivas

O artigo 16 da mencionada norma establece:

Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3, 11, 12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

Nese sentido, o artigo 18.4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 30.09.2006) establece:

Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade.

A solicitante da autorización de compatibilidade percibe as súas retribucións conforme ao previsto no Convenio Colectivo nacional de centros de ensinanza privada de réxime xeral ou ensino regulado sen ningún nivel de concertación (Código 99001925011986), por ser o que regulaba as súas condicións antes da integración do persoal da Fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo.

Analizado o texto do referido convenio e, concretamente, a súa estrutura retributiva, non existe ningún concepto asimilable ao complemento específico que se aplica ao persoal das Entidades Locais, conforme ao previsto no Real decreto 861/1986, de 25 de abril; que afecta tamén ao persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, por establecelo así o Convenio Colectivo Único regulador das condicións de traballo do persoal laboral da Entidade Provincial; polo que non existe nas súas retribucións actuais ningún concepto que integre a compensación de factores como a dedicación ou a incompatibilidade co desempeño doutras actividades profesionais.

Polo tanto, non procede aplicar ningunha redución retributiva, nos termos do establecido no artigo 16 da lei 53/1984, analizado, canto menos mentres non se produza unha total homologación

da estrutura retributiva deste persoal coa do resto do persoal laboral da Entidade, en cuxo caso si sería aplicable a norma no sentido de que a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de autorización de compatibilidade acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma

A solicitude do interesado debe ter a conformidade do Servizo a efectos de asegurar que non interfere na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.

Informe

Como consecuencia do sinalado, vistos os informes dos servizos, procede a adopción de acordo pola Xunta de Goberno, concedendo a Dona Laura Fernández Garrido a autorización de compatibilidade para poder estar dada de alta como contratada laboral, coa categoría profesional hixienista dental, na clínica dental O Pacio, CB, de Castro de Rei, actividade que desenvolverá, a tempo parcial (5 horas semanais) fóra do horario establecido para prestar os seus servizos na Escola de Imaxe e Son, sen que se modifique por esa razón o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos si se produce cambio de posto de traballo.

O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Régime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 1 de xaneiro de 2019, data na que Dona Laura Fernández Garrido, empeza a prestar servizos directos na Deputación Provincial de Lugo, logo da integración do persoal da Fundación TIC”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.